

sarria

O Concello pon en marcha unha campaña de compostaxe doméstica. **Páx. 3**

láncara

Mellorase a xestión de residuos e limpeza viaria do municipio. **Páx. 17**

samos

A Festa de Nadal de Samos acolle actividades para os máis pequenos. **Páx. 18**

o incio

O Concello pediralle á Deputación compromiso coa Casona do Incio. **Páx. 19**

triacastela

Augas de Galicia destinará máis de 400.000 euros en ampliar a depuradora. **Páx. 19**

Conflicto con Votorantim

A empresa proxecta instalar unha planta de produción de combustible sólido recuperado a partir de residuos reciclados



‘Voces do Páramo. A casa dos contos’

O podcast do colexio do Páramo continúa con novos proxectos para este ano 2025. **Páx. 20**

Un acordo “positivo” para a provincia

A Deputación de Lugo sobe a 22 millóns o Plan de Cooperación cos Concellos. **Páx. 21**

Asociación Peleriños



O colectivo fomenta a cultura tradicional galega con diversas actividades. **Páx. 4 e 5**

Veciñanza de Cedrón



A Asociación de Veciños de Cedrón nace en 2024 con ganas de facer cousas. **Páx. 16**

Elena López



A deportista Elena López proclamouse Campioa Galega de XC 2024. **Páx. 23**

“Estamos moi contentos co traballo”

O adestrador e profesional da AC Taekwondo Sarria valora os resultados deste 2024. **Páx. 22**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCHILLADO MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CORBAR MAQUINARIA

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

A Sede acolleu unha festa polo 1º bloque da Trienal



A Asociación Cultural Huhú de Sarria celebrou en A Sede a Festa do 1º bloque expositivo da Trienal Sarria que comezou cunha animada sesión vermú, onde os asistentes puideron degustar delicias tradicionais como empanada, queixo e marmelo. Ademais, a programación incluíu unha *performance* de Toño de López, con 'Permanecer non é unha opción', e habilitouse unha zona de DJ set coa colaboración da asociación Que Facemos, na que participaron Sutan e Jor Ginho.

Esta iniciativa forma parte da exposición 'Arquipélago Interior' que se inaugurou no pasado mes de outubro e que está formada polos traballos de cinco artistas e colectivos, incluíndo o fotógrafo sarriano Santy López, así como Ángela Ferreira, Dalila Gonçalves, Carme Nogueira e Unha Gran Burla Negra, todos profesionais de prestixio internacional.

A través das súas propostas, desde o colectivo invitan a reflexionar sobre "as múltiples aproximacións á ruralidade que xorden no momento presente, sobre como os movementos migratorios de ida e volta conforman historicamente a perspectiva humana deste contexto, e sobre aqueles modos de produción de experiencia e sentido que podemos explorar colectivamente".

Esta mostra aínda estará exposta ata o vindeiro 18 de xaneiro para que todas as persoas que queiran desfrutar dela, poidan facelo, os venres en horario de de 16.00 a 20.00 horas, e os sábados, de 12.00 a 14.00 y de 16.00 a 20.00 horas; aínda que tamén se pode visitar con cita previa. Ademais, xa están preparando o segundo bloque desta exposición, que se inaugurarán arredor do mes de maio, tal e como informan desde a Asociación Huhú.

Sarria vive a maxia do Nadal con gran variedade de actividades

Sarria está acoellendo este Nadal unha gran cantidade de actividades para gozar en familia, con música, teatro, cinema e tradicións que farán destas datas un momento especial.

Todo empezou o martes 17 de decembro, coa 1ª Audición da Escola de Música de Sarria, mentres que o 18 de decembro o Coro da Escola de Música de Sarria actuou na Residencia Nosa Señora do Carme e tivo lugar a 2ª Audición da Escola de Música. O 20 celebrouse a Audición da Escola de Música de Sarria e Coro Sarricanta actuou na Sociedade A Unión. Pola súa banda, o 21 de decembro abriuse o Mercado de Nadal e a pista de xeo, así como se presentou o teatro infantil 'A Tequeleteque - Sons', e A Palleira (Mañán) acolleu o Concerto de Carmela, a cantante do Incio.

Pola súa parte, o 22 de decembro, tivo lugar o concerto de Sounds Sisters, unha banda de rock orixinaria de Sarria, composta por Nerea Iglesias (voz), Olalla Losada (guitarra), Tomi Solano (baixo), Morris Moreno (batería) e Chema Wayra (teclados). A súa proposta musical abarca desde o soft rock ata o rock progresivo, con influencias do rock psicodélico.

O luns, 23 de decembro, Papá Noel percorreu as rúas do Concello de Sarria na súa Cabalgata. Durante o traxecto, ademais, no cruzamento da avenida Portomarín co da rúa Pedro Saco, minimizouse o son en atención ás persoas con hipersensibilidade acústica. Ao chegar á Praza da Vila, Papá Noel entrou



na súa casa, onde familias e sobre todo os máis pequenos puideron falar con el e deixarlle as súas cartas, así como tamén puideron coñecer ao Grinch. A Cabalgata estivo organizada polo Club Clásicos e o Concello de Sarria e na que colaboraron o CB Sarria, a SD Sarriana, o DHG Team, o Club Atalaya, o Club Xirandela e o Club Aixa.

O 26 de decembro, na Casa da Cultura, representouse a obra 'Vixiante de Sons', de Ubú Teatro, e o 27 houbo unha sesión de Cinema Infantil.

Pola súa parte, o 28 de decembro tivo lugar a Gala de Maxia con Roberto Lolo e o Mago Iago, que conseguiron encher a Casa da Cultura. O 29 de decembro presentouse o espectáculo teatral 'Mostrólogo' de Trécola Teatro; e tamén foi o tradicional Concerto de Nadal na Igrexa do Rosario. Para rematar decembro, o día 31 celebrouse a Milla Urbana, que congregou a de-

cenas de persoas para percorrer a vila de Sarria durante o último día do ano.

Xaneiro comezou co Festival en Conto de Nadal polo Rural con Noelia Porto, que estivo o día 2 en Manán, na Casa da Cultura e en Vilapedre. Mentres, o día 3 está ás 12.00 horas en Oural, ás 17.30 horas en Ortoá e ás 19.00 horas en Vilamor. Ademais, ese mesmo día, ás 17.00 horas, na Praza da Vila terá lugar a presentación do libro 'Vidas Exiliadas' de Javier Conde e ás 18.30 horas a Asociación Pelerieños traerá os Cantos de Reis.

O domingo 5 de xaneiro, ás 11.30 horas, na Praza da Vila e a Casa da Cultura, terá lugar o Concerto da Banda da Comarca de Sarria; e ás 17.30 horas as rúas do Concello de Sarria recibirán a Cabalgata dos Reis Magos.

Ademais, ata o 7 de xaneiro, o Mercado de Nadal e a pista de xeo estarán dispoñibles na Praza da Vila.



ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:



Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

o principal comercializador de enerxía 100% gallega. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**



MADERAS GUILLAR

COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO

(fincas de calquera tamaño)

ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)

660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

PSOE e BNG únense para pedir accións contra Votorantim

O pleno de Sarria, que se adiantou no mes de decembro, acolleu a discusión de diferentes mocións presentadas polos partidos da oposición.

A que máis transcendencia tivo foi a presentada conxuntamente entre o PSOE e o BNG, na que pediron ao Concello de Sarria que presente alegacións e que fale coa Xunta de Galicia para pedir a inadmisión do proxecto da empresa Votorantim, que ten a intención de proxectar unha planta de produción de combustible sólido recuperado a partir de residuos reciclados na parroquia de Oural.

Ambos partidos da oposición sostiveron que a fábrica “non debería estar nun núcleo habitado como é o de Oural” e argumentaron que dubidan que cumpra coas normas establecidas, así como temen polos efectos que poida ter no medio ambiente, así como a contaminación acústica.

Como contestación, o alcalde, Claudio Garrido, defendeu o proxecto, explicando que a planta vai clasificar, triturar e almacenar residuos non perigosos e que non poden ser reciclados de maneira convencional, pero que non van “combustionar nin transformar quimicamente”.

Neste caso, o PP tampouco apoiou esta moción, poñéndose de parte do Goberno local e sostendo que os técnicos “emitirán informes nos que se verá se a empresa cumpre a normativa”.

MÁIS ASUNTOS. O Partido Popular presentou unha moción para pedir un plan de recupera-



ción da Veiguiña, que non saíu adiante, xa que os tres partidos da corporación lembraron a inversión da CHMS para mellorar este espazo.

Nesta, a portavoz do Grupo Municipal Popular de Sarria, Carmen José López, defendeu que é “necesario avanzar en accións que rexeneren e poñan en valor a contorna da Veiguiña para o seu uso como espazo de encontro e lecer, respectando os usos e regulacións do dominio público hidráulico”.

López destaca que “desde o Grupo Municipal do Partido Popular mantemos unha oposición construtiva, orientada a mellorar a calidade de vida dos veciños e a ofrecer mellores infraestruturas e servizos”.

Por iso, propoñían que o Concello de Sarria xestione, xunto coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, unha iniciativa coordinada para desenvolver un plan de rehabilitación da área da Veiguiña.

Ademais, a portavoz suxeriu que o plan debe incluír a restauración de áreas degradadas, a conservación da flora e fauna

autóctonas, a creación de espazos accesibles con equipamento adecuado para o uso sostible da contorna como área natural de recreo, e a reparación da ponte. Sobre este último, indica que “a plataforma da ponte quedou danada durante o temporal e as inundacións de xaneiro de 2023, e aínda non se solucionou”.

“A zona da Veiguiña é unha área de gran valor natural e paisaxístico, un lugar emblemático valorado pola comunidade pola súa vexetación e características fluviais, que lle outorgan un potencial significativo para actividades ao aire libre e un uso sostible. Anteriormente, era coñecido como un lugar de espaxamento, e “ademais do seu valor natural, esta área ten un significado cultural e social como parte da identidade local”, concluíu na súa explicación a portavoz popular.

Finalmente, aprobouse a compatibilidade da concelleira nacionalista Mónica López para traballar na residencia de maiores, pero o PP e o PSOE pediron un informe porque “dos catro requisitos, cumpre dous”.

O Concello pon en marcha unha campaña de compostaxe



O Concello de Sarria pon en marcha unha campaña de compostaxe doméstica e implanta o colector marrón para a recollida da materia orgánica. Estas dúas accións complementarias teñen como obxectivo principal reducir a cantidade de lixo que remata en vertedoiro, mellorar a calidade da separación en orixe e fomentar hábitos de reciclaxe máis sostibles.

No caso da compostaxe doméstica, o Concello ofrece gratuitamente composteiros e aireadores, co obxectivo de que as familias con terreo poidan converter os seus residuos orgánicos nun abono natural de alta calidade. “Isto non só supón un aforro na xestión dos residuos, senón tamén un beneficio directo para o solo e as hortas particulares”, explican desde o Goberno local.

Ademais, a implantación do colector marrón permitirá recoller de xeito separado a materia orgánica na vía pública. A veciñanza inscrita recibirá unha tarxeta de apertura do colector, un caldeiro de 10 li-

tros para a recollida en casa e paquetes de bolsas biodegradables. Deste xeito, “evítase a mestura dos restos orgánicos co resto do lixo, optimizando a súa xestión e contribuíndo a diminuír a pegada de carbono”.

As persoas interesadas en participar en calquera destas iniciativas poden anotarse a través da web ou contactar co Concello para obter máis información.

“O éxito desta aposta ambiental depende da implicación activa da cidadanía, que coa súa participación axudará a construír un futuro máis sostible e respectuoso co medio ambiente”, conclúen.

A delegación de Medio Ambiente do Concello de Sarria instalou o pasado 26 de decembro unhas carpas informativas para proporcionarlle aos veciños e veciñas toda a información necesaria para que entendan o funcionamento do novo contedor marrón de recollida de lixo, así como tamén se explica o sistema de compostaxe doméstica.



Audio Sarria

CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

Durante este mes, tenemos el placer de ofrecerle la siguiente promoción.
Un descuento en sus audifonos del cincuenta por ciento en la segunda unidad sobre el precio venta público, hasta fin de existencias.
¡Consulte más información en nuestro centro!

Los servicios incluidos en esta promoción son los siguientes en función del modelo seleccionado.
1) Garantía de 3 o 5 años de garantía con la posibilidad de incluir un seguro de rotura, pérdida o robo.
2) Financiación en 18 meses sin intereses.
3) Posibilidad de prueba gratuita.

AUDÍFONOS CON LA GARANTÍA SIEMENS

A MEDIDA Y RECARGABLES
(no necesitan pilas)



PIDE TU CITA EN:
982 531 191
669 548 976
C/ Matías López, 63-bajo

27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

CARPINTERIA METÁLICA



NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

VIMETAL

TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

“Promovemos o amor pola tradición e a cultura galegas”

Roberto Quiroga e Alba Fernández forman parte da directiva da Asociación Peleriños, que fomenta a cultura tradicional galega con diversas actividades

Jessica Fernández

“A través do baile e do folclore recuperamos o uso da nosa lingua”. O espírito da Asociación Peleriños podería resumirse nesta frase, coa que Roberto Quiroga define o obxectivo principal do colectivo, que leva activo en Sarria desde o ano 1996. “A finalidade da posta en marcha de Peleriños era manter viva a nosa tradición cultural galega a través da música e a danza, e nesas seguimos, evolucionando e facendo actividades cada vez máis diversas”, explica Alba Fernández.

Así, a través dun proceso de recuperación das cantigas antigas, tanto nenos como adultos coñecen “a nosa historia: que se facía antes, como se divertía a xente, como se traballaba... todo ao redor da cultura galega”. En definitiva, sosteñen Alba

e Roberto, “en Peleriños fomentamos o sentimento de pertenza a Galicia e o coñecemento dos nosos antepasados, xa que é importante ter claro de onde vimos para saber quen somos agora”.

Con ese ímpetu formador, os arredor de 80 nenos e nenas e 70 adultos e adultas que participan das actividades de baile, canto e instrumentos; poden formarse non só nesas disciplinas, senón tamén na historia tradicional galega. “Intentamos que sexa todo o máis rigoroso posible e rodeámonos de profesores que son profesionais cada un na súa materia.

Ademais, ensinamos a facer as cousas tal e como se facía antes. Baseamos os nosos bailes e os nosos cantos en pezas recollidas de cantareiras que foron nais e fóronlle pasando ese coñece-

mento as súas fillas de xeración en xeración”. Así, cren que “non só é importante saber como se facían as cousas, senón tamén por que, quen e onde se cantaba”.

Intentan, así, transmitir ese coñecemento dunha forma o

“A finalidade da posta en marcha de Peleriños era manter viva a nosa tradición cultural galega a través da música e a danza, e nesas seguimos, evolucionando e facendo actividades máis diversas”

“máis fiel posible” a como era, sen cambiar nada, reproducindo as pezas tal e como as cantaban ou bailaban. Ademais, a través de fotografías ensinan como eran os traxes tradicionais. Por iso, “temos feito algún obradoiro de traxe para confeccionar esas prendas e logo actuar con elas. Temos un club de costura en Peleriños e estamos empezando por pezas como unha camisa e intentamos que siga o patrón tradicional e que



sexa o máis fiel posible á realidade. E iso tamén facémolo co baile e coas pezas de música. O profesor de gaita recolleu pezas de aquí, da comarca de Sarria, e intentamos que iso se manteña, non queremos inventar nada, senón manter as cousas como eran”, defenden.

A TRADICIÓN EN SARRIA. “Cada sitio ten unhas pezas da tradición cultural galega específicas, pero aquí en Sarria hai moita variedade de pezas e nós queremos fomentar que se coñezan”, sostén Roberto; mentres que Alba destaca a peza do Incio, a Carballesa, que xa se aprendeu a bailar en Peleriños. Con respecto a pezas de traxe, informan de que existe o Mandil de mostra, que era moi típico na provincia de Lugo e, concretamente, na comarca de Sarria, para suxeitar elementos ou taparse da chuva, e que están recuperando na asociación; incluso, xa se puxeron esta peza algunhas pandeireiras para algunha actuación. De feito, hai un mural no lugar de Perros dedicado a esta peza. “Estamos fomentando que se

coñeza a nosa cultura nun lugar no que hai demanda de cultura como é Sarria”, destacan. Así, poñen en valor a convivencia entre asociacións na vila, xa que “cada unha ten o seu espazo e colaboramos as unhas coas outras cando fai falta”.

Por outra banda, din que todas as actividades que organizan “teñen moi boa acollida entre a sociedade sarriá, xa que ademais das clases que impartimos durante o curso, organizamos os Cantos de Taberna de adultos, os Cantos Pequenos, que son como uns Cantos de Taberna pero de nenos e somos os únicos en Galicia que facemos algo así; facemos unha xuntanza anual de Peleriños, actuamos cos nosos grupos en xuño... e logo participamos de todas as actividades ás que nos chaman desde o Concello de Sarria, desde a Sociedade La Unión, participamos no San Xoán, colaboramos con Create, temos actuado na Noite Meiga de Meigas e Tragos e tamén este ano estivemos na Romaxe do Camiño do Festival Ultreia et Suseia”, explican.



**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Con todo, destacan as clases que imparten de canto, de instrumentos e baile tradicional galego. Este último, concretamente, conta con tres aulas de nenos os venres, unha aula de nenos de conciliación coa ANPA da EEI Xela Arias, e de adultos, unha de iniciación os martes, outra de perfeccionamento os venres, en total, sete aulas. As actividades desenvólvense en locais cedidos polo Concello de Sarria, como o local Breogán e aulas da Casa da Cultura ou do antigo cárcere. “E tamén colabora con nós o IES Gregorio Fernández, que nos deixa dúas aulas os venres para poderlle dar á vez canto e baile e que, cando remate unha, os nenos pasen para a outra”, explican. Con respecto a canto, din que “o noso é específico tradicional galego, recollido de cantareiras, e todas as pezas están tocadas con pandeireta ou con instrumentos tradicionais como pode ser a aña, que é unha peza con sacho; e a idea é ir meténdonos en máis cousas”.

Con todo, din que “cada ano contamos con máis nenos, polo que necesitamos máis implicación e máis profesorado para poder abarcalo todo. Por exemplo, nos Cantos Pequenos tivemos 50 ne-

nos percorrendo os establecementos do Malecón”.

O FUTURO. Desde a Asociación Peleriños explican que agora mesmo, entre nenos e adultos son arredor de 150 persoas que forman parte das actividades, pero hai máis persoas que colaboran. Ademais, contan cos locais que lles cede o Concello de Sarria, así como lles axuda economicamente cando actúan nun evento na vila; contan tamén coa axuda da Deputación de Lugo, sobre todo para adquirir os traxes tradicionais para os nenos e a través do programa Tradigalu.

Por outra banda, din que están pendentes de conseguir unha subvención para poder contar con instrumentos na asociación, xa que “hai familias que non poden asumir o custo dun instrumento cando, ademais, non saben se o neno está convencido de querer tocalo, polo que cos instrumentos da asociación poderían apuntarse á actividade aínda que teñan dúbidas”.

Con todo, súmanse á petición, por parte doutras asociacións, dun auditorio, xa que cren que é “unha necesidade en Sarria, xa que no fin de curso os nenos actúan e adoitan facelo na praza da Vila, pero se chove, trasládannos



á Casa da Cultura e aí non hai sitio suficiente”, comentan.

Con respecto a proxectos futuros, din que unha das propostas é “facer unha xuntanza infantil polas aldeas, non centralizar todo na vila de Sarria como vila, senón ir polas parroquias”. Ademais, “temos pendente organizar un curso de creación de colares tradicional e queremos facer outro faladoiro sobre o traxe para que as nais dos nenos vaian tendo unha idea de facer o traxe”. E engaden, “queremos facer un obradoiro de afinación de gaita, e seguir facendo obradoiros de roupa, de música e de baile”. Tamén, subliñan, queren promover seguir facendo

foliadas durante o ano, traendo cantareiras ou grupos de música. Pero o proxecto máis próximo que van poñer en marcha é o dos Cantos de Reis “para que os ne-

“As actividades que facemos fortalécennos como grupo á vez que coñecemos outras culturas, o que nos nutre como persoas”

nos canten no mercado de Nadal do Concello de Sarria que se instala na praza da Vila. Nós sempre participamos na cabalgata de Reis, pero queríamos facer tamén uns cantos para que os pequenos puideran mostrar á sociedade o que facemos en Peleriños”.

OS VALORES DE PELERIÑOS. Alba Fernández, que leva toda a súa vida en Peleriños, di que “somos unha gran familia. Eu levo desde que era nena e formei a miña personalidade baseada nos valores de Peleriños, tendo en conta que son moitas horas de ensaios, moitas actuacións, viaxes... Imos me-

drando e creas amizades tremendas, e cólleslle un cariño enorme á asociación; é un dos piares da nosa vida”. Eses valores aos que se refire Alba, concrétaos Roberto Quiroga en “compañeirismo, respecto, disciplina, puntualidade, amizade, amor pola música, polo baile e pola tradición e a cultura galega”. Ademais, engade que o percorrido que se fai “é bonito e hai saída, xa que hai moitas persoas que empezan en Peleriños e acaban como Alba, sendo parte da directiva e profesora en Peleriños”, explica. Así, Alba pon tamén de exemplo a Carme López, profesional da música do Incio que comezou en Peleriños.

Finalmente, conclúen dicindo que as actividades que fan como asociación “ fortalécennos como grupo á vez que coñecemos outras culturas, o que nos nutre como persoas”, referíndose aos intercambios que fan con outros grupos de música tradicional doutros lugares de España ou de fóra do país, fomentando o coñecemento deses sitios á vez que promoven que veñan actuar a Sarria. “E, sobre todo, é interesante que veñan os máis novos, porque así van collendo ese amor pola cultura e pola asociación, vaise creando canteira e isto ten futuro, conclúen.



**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de enero!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

O Concello recibe obras para o abastecemento da auga no rural



O Concello de Sarria recibiu tres obras destinadas ao abastecemento de auga en núcleos rurais do municipio, cun investimento total de 563.000 euros, financiadas con fondos municipais.

Entre os proxectos finalizados destaca a traída de auga a Treilán e Betote, que tivo un custo de 270.000 euros. Os veciños xa poden solicitar a conexión a esta rede, aínda que a súa posta en funcionamento está pendente. A empresa UFD aínda non obtivo o permiso necesario da Deputación Provincial de Lugo para cruzar unha vía de titularidade provincial, requisito indispensable para conectar a estación de bombeo á rede eléctrica. Esta situación provocou un atraso de máis de cinco meses. O alcalde de Sarria, Claudio Garrido, expresou o seu malestar pola demora na autorización, sinalando que se trata dun trámite imprescindible para garantir un servizo público esencial como o abastecemento de auga.

Ademais, o Concello tamén re-

cibiu outras dúas novas traídas de auga. Unha delas beneficia aos núcleos do Calvario, Vilaes-teva, Fondo de Vila, San Salvador, A Pena, Penela, Mezur e Rosende, cun investimento de 180.000 euros. A outra, cun custo de 113.000 euros, fornece auga á Rañoá, Santa María de Vilar, Vilanova, Crecente e Vilapedre.

Todas estas obras foron executadas pola empresa Manuel Novoa Castro, que tamén leva a cabo a renovación das redes de abastecemento e saneamento no barrio de O Mazadoiro, proxecto no que o Concello inviste ao redor de 225.000 euros.

Os traballos incluíron a instalación de novas canalizacións, necesarias para substituír as anteriores, que eran de fibrocemento e presentaban numerosas fugas debido á súa antigüidade. Estas actuacións teñen como obxectivo mellorar a subministración de auga e garantir un servizo máis eficiente para os habitantes do municipio.

A Deputación de Lugo ofrece a súa axuda para manter o matadoiro

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo financiará cunha achega de 50.000 euros para a continuidade do matadoiro de Sarria como servizo público, tal como comprometera na reunión mantida con alcaldesas e alcaldes da comarca.

A área de Rural ratificou ao Concello de Sarria a disposición a poñer en marcha os trámites para formalizar un convenio de colaboración institucional que canalice a axuda, con cargo ao orzamento de 2025.

A comunicación formal, remitida ao Concello de Sarria, responde ao escrito presentado pola administración municipal, solicitando a tramitación do convenio "coa finalidade de garantir que os servizos públicos do matadoiro se presten a través dunha xestión pública".

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, celebrou "que a iniciativa e o impulso desde a Deputación de Lugo sirva para dar continuidade e estabilidade ao matadoiro municipal de Sarria, que estaba en entredito" e incidiu na importancia "de manter o seu funcionamento público, garantindo prezos estables e ponderados para ganderías, carnizarías e veciñas e veciños de toda a comarca que utilizan este servizo".

Efrén Castro ofrecera a colaboración da entidade provincial para o mantemento do matadoiro nunha reunión que mantivo o pasado 20 de novembro con alcaldesas e alcaldes da comarca de Sarria no Pazo de San Marcos, ligando o apoio económico ao funcionamento público do servizo.



PETICIÓN DO PP. O PP de Sarria esixiu ao alcalde, Claudio Garrido, que "faga os deberes e presente o plan do matadoiro, tal e como se comprometeu coa Consellería de Medio Rural. Sen cumprir coa súa parte, non se pode facer efectivo o apoio da Xunta".

A portavoz, Carmen José López, explica que "seguimos con moitas preguntas e poucas respostas sobre a xestión municipal do matadoiro e sen ter noticias do plan de viabilidade ao que alcalde se comprometeu a aportar á Consellería de Medio Rural para poder determinar os apoios da Administración autonómica ao matadoiro municipal de Sarria". A popular considera "inadmisible" que "o alcalde esixa apoio e compromiso a través da prensa, pero que non aclare se aportou ou non o proxecto tal e como se lle trasladou que debía presentar para facer efectivo o apoio". López condena "esta dinámica que é a de sempre: o goberno de Camiña Sarria non ten entre os seus obxectivos buscar solucións, senón unicamente facer crítica política e botar balóns

fora en lugar de garantir a viabilidade do servizo".

Os populares cren que "a veciñanza ten dereito a saber o que fixo o alcalde: se presentou ou non o plan de viabilidade imprescindible para determinar as necesidades de apoio e inversións".

A portavoz do PP de Sarria lembra que "ten a man da Consellería tendida e o compromiso da conselleira. Agora a pelota está no seu tellado, pero o que falta é o traballo e a planificación por parte do goberno de Camiña Sarria, algo que se repite continuamente en distintos eidos da súa competencia e que está a lastrar permanentemente a xestión municipal". "O goberno municipal non fai os deberes e logo estráñase de que o Concello vaia como vai: coa débeda disparada e con cartos que desaparecen. Sufrimos unha xestión nefasta e a ausencia absoluta de planificación e responsabilidade", incide. Para Carmen José López "ponse en evidencia, unha vez máis, que estamos ante un goberno á deriva e totalmente incapaz de asumir a xestión e responsabilidade que asumiu".

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?*

*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

TOURIST HOME
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS
Tfno: 650 082 298

GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

¡INFÓRMATE SIN COMPROMISO

“A vida do inmigrante é difícil e retadora, hai que ter sorte”

O escritor galego-venezolano presenta o seu libro ‘Vidas Exiliadas’ na praza da Vila de Sarria, no marco do Mercado de Nadal

Jessica Fernández

Sarria acolle a presentación do libro ‘Vidas exiliadas. Veintiún historias de desarraigo y luchas políticas’ de Javier Conde, afincado en Sarria; un galego da parroquia de Vilaboa, en Pontevedra, que viviu a meirande parte da súa vida en Venezuela a onde emigrou nos anos 60.

De profesión xornalista e reporteiro, e escritor de afección, desde Sarria continúa escribindo e recompilando textos dos seus varios destinos por América do Sur.

Así, destaca que a acollida na vila foi “moi boa” e que se integrou en distintas actividades, xa que lle gusta vivir “en lugares onde haxa tranquilidade, despois de vivir en cidades moi grandes como Caracas e Bogotá”, sostén. ‘Vidas Exiladas’ reúne 21 historias de homes e mulleres que tiveron que saír das súas nacións de orixe, fundamentalmente por razóns políticas. Conde aborda

a maioría dos xéneros do oficio, a crónica e a reportaxe, o artigo e a descrición, para ofrecer memoria de Jacobo Arbenz, o presidente guatemalteco derrocado e logo espiado en Montevideo; do catalán Manuel Pérez Vila, que se converteu nun historiador de primeira no país caribeño; do galego Lázaro Candal, voz do fútbol cantado desde América; ou de Rómulo Galegos, o máis soado dos escritores venezolanos, en Bueu, compartindo a vivencia do mar e dun grupo de intelectuais españois. Hai tamén no libro deste xornalista hispano venezolano actualidade política do seu país de acollida e a sorte dos agora numerosos inmigrantes venezolanos “porque son apreciados onde van. A maior parte da migración inicial era de xente nova, preparada, con estudos e un ánimo de deixar atrás o malo e adaptarse canto antes ao presente, porque aí está o seu futuro e o da súa familia. Ademais,

hai unha ledicia contagiosa entre os venezolanos, quizais como consecuencia dese espírito caribeño de festa permanente nunha terra que tamén acolleu xente de fóra”, explica Conde. No libro, ademais, sintetiza en Historia de Randy, que conta as desventuras dunha persoa disposta a facer o que sexa para saír adiante el e a súa familia, primeiro en Buenos Aires, e logo nesta vila do Camiño.

O escritor defende que se sente venezolano, e recoñece que a vida do inmigrante é “difícil e retadora”.

Así, explica que “un se ve obrigado a demostrar que pode desenvolverse no que sempre fixo, no meu caso o xornalismo. Pasei toda a vida en redaccións e logrei traballar como xornalista en Caracas, en Bogotá, Montevideo e en Galicia. Pero sempre hai que contar, ademais da experiencia, coa sorte de atoparse con xente que te ofrezca a oportunidade



de mostrar o que podes hacer”, sostén.

Con todo, di que o camiño non remata aquí, “teño varios proxectos en curso. Un sobre os medios de comunicación en Venezuela e a súa caída nestes tempos amargos; outro, unha historia sobre a migración da miña familia, que marcou os destinos de moitos dos meus familiares en Venezuela e en Brasil, e o seu posterior regreso a España”, conclúe.

TRAXECTORIA. Conde iniciouse no xornalismo no Nacional de Caracas, onde empezou como bolseiro e chegou a ser xefe de

información, seguiu no Diario de Caracas, que o enviou a cubrir o comezo da guerra civil salvadoreña a principios dos anos oitenta, e tamén os xornais TalCual e 2001.

Na súa ruta tamén de inmigrante escribiu para publicacións do Espectador de Bogotá e foi editor da sección mundo do Observador de Montevideo.

Este é o seu cuarto libro, que tamén ten un toque íntimo por descender o seu autor dunha familia galega que emigrou a San Salvador de Baía, Alemaña e varias localidades de Venezuela.

PRÓXIMA APERTURA

GT

GESTIÓN INMOBILIARIA

¡Tu nueva consultoría inmobiliaria digital en Sarria!

Venta especializada en internet y redes sociales

¿Tienes un proyecto? Deja que te asesoremos

Promoción de propiedades en el extranjero

Gestión con atención personalizada

Tel.: 673 142 197

“Ofrecemos un servizo para que a empresa se despreocupe”

En Limpiezas Isabel de Sarria teñen claro o seu obxectivo: estar do lado do cliente, ofrecéndolle un servizo de limpeza sen asumir os gastos do persoal

Cando se pon en marcha Limpiezas Isabel?

Limpiezas Isabelponse en marcha hai dous anos despois de volver de Andorra como migrantes retornados, onde traballamos 20 anos no sector da limpeza. Vendo o mercado que había aquí en Sarria e vendo o que podíamos ofrecer nós, decidimos poñelo en marcha.

Cal é o obxectivo deste negocio?

Creemos que é un servizo interesante tanto para particulares como para empresas, xa que estas teñen un servizo completo de limpeza e aforran todos os custos que supoñen ter a unha

persoa contratada, como a seguridade social, as vacacións, as baixas... Nós ofrecemos unha persoa comprometida e que traballa dunha maneira impecable asumindo nós todos os custos. En vez de contratar ao teu propio persoal, contratas a unha empresa que che ofrece todo o bo dese traballo. Así, nun hotel ou non albergue, o propietario esquecese da limpeza, xa que esta todo cuberto permanentemente. Por iso, queremos posicionarnos tamén no ámbito dos albergues, non só en Sarria, senón en toda a comarca.

Que servizos ofrecen?

Ofrecemos todos os servizos

relacionados coa limpeza dun lugar, xa sexa unha casa particular, unha comunidade de veciños, un local, unha empresa, un albergue, un hotel... e limpamos todo, xa sexan solos, mobles, terrazas, baños, habitacións, cociñas e tamén de restaurantes, cristais... Dámoslle o mellor servizo ao cliente para solucionarlle os seus problemas e que quede contento.

Actualmente, onde actúan?


Actuamos en Sarria, pero tamén fóra de Sarria, nun radio de 30 km, é dicir, en Lugo, Baralla, Triacastela, Samos, Portomarín, e incluso Monforte.

Que produtos utilizan?

Nós utilizamos só produtos ecolóxicos e biodegradables, xa que é importante non usar ningún produto corrosivo, como a lixivia, que queima, non limpa. Pero usamos todo tipo de produtos co obxectivo de limpar cada espazo e obxecto que nos pidan para limpar. Ademais, temos unha máquina de auga a presión, unha máquina de vapor, unha varredora, unha fregadora...

Poderían falarnos sobre o trato co cliente?

Sempre intentamos facer todo de ti a ti, en contacto total co cliente en calquera cousa, e solucionando os seus problemas, que é o que nos diferencia tamén doutros negocios. Coa nosa experiencia no sector, sabemos que iso é o máis importante. Ademais, as nosas traballadoras son persoas responsables,



coas que o cliente sempre queda contento. Ademais, intentamos pasar todos os días polos lugares onde traballamos, por se xorde algún problema, estar aí sempre. E se non, intentamos dar unha resposta inmediata na medida das nosas posibilidades. Por iso, temos clientes fieis e fixos, como algún albergue ao que imos case a diario. É importante a confianza, polo que sempre vai a mesma persoa a un mesmo sitio, para que o cliente sinta que é como unha empregada súa, pero sen os gastos que xera.

Cales son as necesidades e desafíos do sector?

As necesidades, como sempre, é o problema de atopar unha persoa que poida traballar. Hai xente inmigrante que queremos contratar, pero non teñen papeis, polo que non os collemos. Non traballamos nada en negro e contratamos a todo o mundo. A nosa política é que se ti produces e pagas os teus impostos

podes esixir algo ao Goberno, polo que a min non me gusta que a xente estea en negro, non é a nosa política e por iso ás veces non atopemos xente. Nós queremos ter á xente con seguro. Se houberse inspectores na rúa todos os días, todos estaríamos mellor.

A experiencia marca a diferenza nun negocio deste tipo?

Creemos que si. Ao traballar durante 20 anos en Andorra no sector da limpeza, creemos que agora en Sarria ofrecemos un servizo diferente doutros e que por iso os clientes nos elixen.

Hai proxectos de futuro?

O tema xestionar a limpeza dos albergues de Sarria e comarca, Triacastela, Samos, Portomarín... e algunha cousa que está en proxecto. Pero sobre todo, que todo siga como ata agora, mellorando e crecendo, e que sigamos intentando aumentar o negocio, pero sempre coa premissa de que estar aí da man do cliente.





Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA





Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria – Lugo / Tel. 634 406 084

Nº Reg. Sarr: C-27-001193

O PP de Sarria pide que o Goberno “resolva a problemática” do lixo

O PP de Sarria levou a pleno “o problema do manexo de residuos e a sucidade nas rúas da nosa localidade”, esixindo ao goberno local que “resolva esta situación insostible”. Neste caso, a moción foi aprobada co apoio do PSOE e Camiña Sarria explicou que están elaborando o documento coas condicións necesarias para a contratación do servizo.

A portavoz, Carmen José López, expresaba que “a situación é vergoñosa: proxecta unha imaxe lamentable da localidade e tamén compromete a saúde pública”. Ademais, destaca que “impacta indirectamente aos traballadores do servizo de recolección e as súas condicións laborais”.

Fronte aos atrasos e “insuficientes” xustificativos do alcalde e o goberno de Camiña Sarria, quen en setembro prometeron que o contrato estaría licitado en novembro, os populares solicitarán no pleno “un compromiso firme para axilizar unha nova licitación do servizo, cun calendario e follas de rutas claras, asegurando a continuidade da recolección en todas as parroquias; ademais de medidas para unha mellora inmediata do servizo”.

Os concelleiros do Partido Popular esixiron así que se aceleren os trámites necesarios para contratar de inmediato o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, buscando unha prestación adecuada e eficiente deste esencial servizo. Así mesmo, pediron ao alcalde que explique con detalle as medidas anunciadas respecto a centralización da recollida na área rural, garantindo que non haxa recortes nos servizos prestados aos distintos núcleos do mu-



nicipio e que se manteña unha distribución equitativa.

A través desta iniciativa, o PP instou ao goberno municipal a adoptar medidas urxentes para mellorar a situación actual, priorizando a substitución de contedores deteriorados e a limpeza excepcional das áreas máis afectadas. Os populares esixen un compromiso do goberno local para establecer un calendario claro e accesible cos pasos necesarios para regularizar a prestación do servizo, incluíndo as datas para a publicación do novo contrato e os prazos de execución.

A portavoz do PP resalta que “o goberno municipal é incapaz de xestionar as súas competencias en servizos básicos”, como se evidencia en “a acumulación de residuos en contedores que están desbordados e en mal estado. Ademais, o seu número é claramente insuficiente”.

ANTECEDENTES. O servizo de recollida de lixo opera desde agosto de 2020 sen un contrato formal, “unha irregularidade denunciada en múltiples ocasións tanto polos empregados da empresa concessionaria como por este Grupo Municipal do Partido Popular”.

En setembro de 2020, o goberno municipal achacou o atraso á falta de aprobación dos orzamentos, pero desde entón aprobáronse novas partidas tanto en 2022 como no exercicio actual, sen resolver a problemática.

“A inacción do goberno local está a agravar unha situación xa insostible”, afirman os populares. Ademais, as declaracións do alcalde sobre centralizar a recollida en puntos específicos do medio rural “requeren aclaracións para evitar reducir ou recortar os servizos nos diferentes núcleos do municipio”.

Esta situación, ademais, xa foi denunciada hai uns meses, en outubro, cando os populares urxían ao Goberno “solucionar a situación da recollida do lixo” ante a súa acumulación que agora se intensifica cos problemas postos de manifesto coa recollida do contedor azul, das papeleiras e na proliferación de ratas en distintos puntos e denunciaban que a “situación vai a peor no entorno dos colexios; motivos polos que veciños, nais e pais de alumnos nos teñen trasladado as súas queixas”. Incluso, “pode derivar en situacións de insalubridade”.

O IES Gregorio Fernández, gañador do premio European Quality Label

O IES Gregorio Fernández de Sarria vén de ser recoñecido con premio European Quality Label co seu proxecto Math, music and emotions, que versa sobre como a música xera as mesmas emocións en xente diferente e oposta.

Esta iniciativa do alumnado de 2º da ESO e de 1º de Bacharelato tamén gañou o Premio Nacional de Calidade e Twinning, polo que a profesora de matemáticas e encargada dos proxectos Erasmus do centro, Ana Torres, mostrouse moi orgullosa.

Ademais, na investigación participaron o Likia Geroskipon de Chipre e o Karpanen School de Finlandia, elixidos co fin de buscar contextos lonxe de Galicia, o que lle dá “valor extra

ao proxecto”.

Así, o alumnado do IES Gregorio Fernández utilizou seis temas en galego e os tres centros educativos puntuáronos sobre cinco segundo o que lles transmitía cada peza, elixindo algún dos sentimentos de alegría, enfado, melancolía, tristura, tristura, medo ou calma. Os resultados desta investigación foron que os institutos coincidían nos sentimentos máis importantes de cada unha das cancións, a pesar de haber algunha diferenza.

Para este novo ano, o instituto comezará cos novos convenios de intercambio coa chegada de alumnos de Alemaña, Francia e Italia, así como un grupo de 3º da ESO visitará outro país durante este curso.


A Antiga Prisión acolle unha mostra de Beléns

A Antiga Prisión Preventiva de Sarria acolle unha Exposición de Beléns organizada polo Concello de Sarria, que convida a veciños e visitantes a gozar dunha mostra única que reúne as creacións dos gañadores de anteriores edicións do concurso de decoración.

A exposición estará aberta ao

público ata o 13 de xaneiro, en horario de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas.

Ademais, para quen non poidan acudir no horario establecido, o Concello ofrece a posibilidade de organizar visitas fóra dese horario, contactando previamente a través do correo electrónico: turismo@sarria.gal.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

YA ESTAMOS ABIERTOS

ESTE 2025
CUIDA
TU SONRISA

Ven a conocernos y te daremos nuestra valoración sin compromiso.

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

O IES Xograr Afonso Gómez segue no 'Observa-Acción'



O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria participou na fase internacional do programa 'Observa-Acción: Forxando alianzas en Romanía' logo de superar as fases previas (autonómica e estatal) co IES Carlos Casares de Viana do Bolo, e xunto ao IES Albalat de Naval Moral de la Mata nos anteriores cursos. Nesta nova fase de carácter internacional traballaron no Colégiul National Mihai Eminescu en Constanza de Romanía. Da man de Alina Bianca Raftu, coordinadora do encontro no centro romanés, desde o IES sarriao mantiveron un programa de traballo baseado nunha visita integral guiada polo centro; a observación en aula en diferentes niveis educativos e materias e múltiples reunións arredor do funcionamento e organización dos centros e tamén no intercambio dos respectivos enfoques sobre plans e proxectos de traballo. Así, quedan alianzas e compromisos de traballo pechados para un futuro próximo

en proxectos europeos como E-Twinning e Erasmus+, "un aspecto especialmente satisfactorio pola calidade humana e profesional xunto á boa sintonía establecida cos compañeiros romaneses", explican desde o centro educativo. Ademais, din estar "enormemente agradecidos e emocionados pola acollida dos compañeiros docentes romaneses, cun encontro cheo de afecto e aprendizaxe, no que confirmamos que os territorios afastados e lonxanos teñen máis vínculos dos que se poidan supoñer", conclúen. O programa 'Observa-Acción' ten como principal obxectivo o desenvolvemento das Competencias Profesionais Docentes (CPDs) dende a perspectiva metodolóxica da observación entre iguais (OEI), da reflexión individual e/ou grupal dos propios docentes, do intercambio de boas prácticas e da implementación do aprendido na aula dos docentes participantes.

Elías Valiña foi homenaxeado con actos en varios espazos

Unha serie de actos, en Lugo, en Santiago de Compostela, en Sarria e en O Cebreiro, renderon homenaxe a Elías Valiña Sampedro, con motivo do seu 35 cabodano. Estes actos estiveron organizados pola Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA), conxuntamente coa familia e amigos do cura do Cebreiro, falecido o 11 de decembro de 1989, despois dunha vida dedicada á protección e divulgación dos valores do Camiño de Santiago, á recuperación do mesmo e á restauración de O Cebreiro.

Os promotores da homenaxe, nun encontro cos xornalistas, na Asociación da Prensa de Lugo, destacaron o labor de Elías Valiña, nado en Lier (Sarria), o 2 de febreiro de 1929, e cura de O Cebreiro dende 1959 ata o seu pasamento; como investigador e a súa contribución ao desenvolvemento ecolóxico, económico, educativo, cultural e social do entorno e de Galicia. O programa dos actos foi presentado polo coordinador do mesmo, o xornalista Luís Celeiro Álvarez, vicepresidente de APECSA, xunto cos amigos de Elías e da familia, a escritora Laurie Dennett e o párroco de A Nova, Luciano Armas Vázquez. Tamén compareceron os sobriños do homenaxeado, José López Valiña e Luís López Armes-to, e o vogal de APECSA, José Lisandro García Abelairas. Estes actos comezaron o día 11 de decembro cun concerto do Grupo Vocal Sólo Voces de Lugo, que ofertou un repertorio con música sacra, composta desde o medievo ata hoxe, onde non faltaron composicións de músicos lugueses, como J. Montes ou Juan Antonio Moreno Fuentes.



O 12 de decembro, no Museo das Peregrinacións e de Santiago, presentouse o libro 'Pilgrim Spirit: Elías Valiña and the Revival of the Camino 1959-1989', tradución ao inglés do ensaio biográfico 'Elías Valiña, Valedor do Camiño 1959-1989', da autoría de Luís Celeiro Álvarez. O venres, 13 de decembro, Luís Celeiro e Laurie Dennett presentaron este libro nos IES Xograr Afonso Gómez e Gregorio Fernández. Ademais, fíxose unha recepción do alcalde e a concelleira do Camiño de Sarria, Claudio Garrido e Reyes Abella, respectivamente, na que participaron familiares e amigos de Elías Valiña, estudosos do Camiño de Santiago e demais persoas interesadas na temática xacobea, entre elas veciños de Sarria e do Cebreiro e representacións dos concellos do Camiño. Os actos remataron no Cebreiro, o sábado 14, cunha xornada aberta nun parlamento memorial de Elías Valiña. Participaron veciños, amigos, estudosos do Camiño de Santiago, representantes da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, das universidades, da igrexa e dos concellos da ruta xacobea.

BIOGRAFÍA. Elías Valiña Sampedro (1929-1989) foi un sacerdote e estudoso galego nado en Lier (Sarria, Lugo), coñecido como unha figura crave na revitalización e promoción do Camiño de Santiago en tempos modernos. É lembrado polo seu incansable traballo para recuperar e preservar o trazado histórico do Camiño, especialmente o Camiño Francés, nun momento no que este itinerario caera no esquecemento. Elías Valiña dedicou gran parte da súa vida para investigar o Camiño de Santiago. A súa tese doutoral, presentada en 1965 na Universidade Pontificia de Salamanca, titulouse *El Camino de Santiago. Estudio histórico-jurídico*. Este traballo académico sentou as bases para a recuperación do Camiño como ruta de peregrinación. Ademais, foi o impulsor do famoso símbolo das frechas amarelas, que hoxe guía aos peregrinos ao longo de todo o Camiño. Esta idea xurdiu como unha solución práctica para sinalizar o percorrido de maneira clara e uniforme, facilitando que os camiñantes non se perdesen.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

Alquiler de Vehículos en Sarria

951 12 93 33

OSCAR.ES



VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS



DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

NOPER CAR

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

“Destacamos pola nosa carne e os nosos produtos ibéricos”

Falamos con Mario, xerente do negocio Tapería J de Jato, que se atopa na rúa Becerreá de Sarria e leva case un ano ofrecendo os mellores produtos

Cando se pon en marcha J de Jato?

A Tapería J de Jato púxose en marcha o 13 de xaneiro de 2024, polo que imos facer un ano en breves. Eu sempre estiven traballando na hostalería, durante 19 anos, e a miña ilusión era ter un negocio propio dedicado aos ibéricos, á carne de vaca galega vella e á carne de Tenreira Galega.

Cal é o obxectivo do negocio?

O obxectivo é intentar ofrecer algo diferente do que temos en Sarria, pero imos pouquiño a pouco. O importante é que a xente veña aquí e comparta tempo ademais de saborear os nosos produtos, xa que destacamos polas tapas, as racións, os prezos razoables, e tamén o trato, que sempre tratamos o mellor que podemos ao cliente.

Como é o traballo en J de Jato?

Agora mesmo temos o cadro de persoal completo, con catro empregados, dous en cociña e dous de hostaleiros servindo, ademais de estar eu tamén. Estamos abertos todos os días de 07.00 a 23.00 horas, polo que moitas persoas veñen almorzar, xa que nos atopamos na estrada que vai ao polígono e xa son algúns clientes habituais; e tamén servimos comidas e ceas.

Ademais, que máis servizos ofrecen?

Agora mesmo só temos carta, non menú, pero temos como proxecto futuro integrar un menú executivo para que as persoas que veñan comer despois, antes ou durante o traballo poidan desfrutar dunha comida asumible. Tamén acollemos celebracións no local, como aniver-

sarios, comidas de traballo, etc. Pero, ademais, levamos a cabo proxectos gastronómicos fóra do local organizados por J de Jato. Por exemplo, estivemos en vodas, en comuñóns, nas xornadas xurídicas de Sarria...

Que produtos ofrecen na carta?

Na carta destaca a carne de tenreira galega e a carne de vaca vella, que se presenta en forma de entrecosto e solombo. E temos embutidos ibéricos que son todo un éxito, así como facemos táboas de queixo, que poden ter queixo de ovella curado, outro semicurado, rulo de cabra, queixo do Cebreiro, queixo fresco de vaca, queixo da Ulloa afumado, queixo azul... un pouco de todo, temos moita variedade. Ademais, temos unha hamburguesa premium de receita propia, que leva ibéricos, cebola caramelizada fei-



ta na casa, carne de tenreira galega mesturada con carne de porco ibérico, rulo de cabala á prancha e 50 gramos de xamón ibérico.

Tamén teñen pratos do mar?

Si, tamén ofrecemos calamar da ría, recomendado para dúas persoas, feito á prancha ou frito á andaluza acompañado con alioli... A min o tema da cociña tamén me gusta, non só o da hostalería.

Que hai dos entrantes?

Existen diversas opcións para gozar de racións ou entrantes, entre as que destacan as croquetas de chacina ou queixo, os gambóns ao allo, as luras á prancha, os mexillóns tigre, os ‘torpedos’ de lagostinos con salsa de chile doce e os rolos de primavera acompañados de salsa de soia. Ademais, destacan dous excelentes viños da Rioxa Alta e o Guímaro da Ribeira Sacra. Ademais, destacamos nos almorzos, apostando pola clásica torrada de ‘pan tumaca’ con xamón ibé-

rico. E en canto ás sobremesas, destaca a torrada elaborada con pan ‘brioche’, xunto con xeados artesanais.

Que ten de especial este lugar?

En J de Jato destacamos polas nosas carnes, xa que apostamos polo produto local. Así, as nosas carnes son dunha carnicería de Sarria e sempre utilizamos produto fresco, nunca conxelado. É importante estar en contacto con gandeiros da zona da comarca de Sarria, de Becerreá e Pedrafita para nutrirnos uns negocios a outros e promover a subsistencia de todos e poñer en valor Sarria. Temos que valorar o que temos aquí, o que nos dá a nosa terra. Por outra banda, tamén destacamos polo trato ao cliente, xa que somos como unha familia e o trato é moi familiar. A xente está contenta con nós e fánolo saber. O local está tendo moi boa acollida, estamos moi contentos e queremos seguir así.



ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

Outros catro pasos a nivel de Sarria serán suprimidos por Adif

Adif lanzou un concurso para eliminar catro pasos a nivel en Sarria e construír unha galería baixo a vía ferroviaria, cun orzamento de 900.195 euros. As empresas interesadas en participar na licitación teñen de prazo ata o 28 de xaneiro, e o tempo estimado para completar os traballos é de nove meses. Tres destes pasos localízanse na parroquia de Piñeira, nos puntos quilométricos 389,262; 389,948; e 390,344 da liña férrea León-A Coruña. Os dous primeiros desaparecerán, e o terceiro será substituído por un paso subterráneo preto do actual cruzamento. Segundo o proxecto, construírse un caixón de formigón armado con dimensións de 3,30 metros de altura e tres de ancho, adecuado para uso gandeiro e peonil. Ademais, instalárase unha rampla, cunha calzada pavimentada de tres metros de ancho para facilitar o acceso ás leiras. Os traballos inclúen o desmonte dos tres pasos, o peche dos accesos a estes e a instalación de barreiras de seguridade para evitar o paso ás vías



nas zonas. No caso do paso quilométrico 389,262, construírse unha vía alternativo que pasará sobre o túnel de Arroxeiros, en paralelo ás vías, conectando cunha pista. No caso do cruzamento no punto quilométrico 389,948, o proxecto contempla aproveitar o paso inferior da estrada LU-P-5713 como itinerario alternativo e a vía partirá desde a estrada, á altura dun paso superior, e desenvolverase paralela ás vías, dentro da zona de servidume. O cuarto paso a nivel que se eliminará, situado no punto quilométrico 392,136, atópase na parroquia de Albán. O seu desmonte incluír a co-

locación de barreiras de seguridade. Ademais, Adif adxudicou a eliminación doutros cinco pasos a nivel, un proxecto que inclúe a construción de dous pasos superiores e un inferior. Estas obras inclúen a eliminación de dous pasos a nivel no núcleo de Oural, onde se construír unha ponte, mentres que os outros tres cruzamentos están arredor de Oural e entre Oural e Piñeira. En total, Adif prevé suprimir 14 pasos a nivel en Sarria, e para substituílos construírse tres pasos inferiores, tres superiores, unha pasarela peonil, un paso sobre un túnel e camiños de unión.

Novo éxito do Concurso de Tapas Tapicheo 2024



A XVII edición do Concurso de Tapas Tapicheo 2024 de Sarria, que se desenvolveu entre os días 5 e 8 de decembro, e os días 13 e 14 de decembro, deixou como finalistas ao bar Cubano, o Barullo, Don Pepe, D'Orixen, O Turuta e Cristal. O concurso organizouse co obxectivo de promover, promocionar e potenciar o sector da hostalería de Sarria, dando visibilidade á gastronomía local co obxectivo de converterse nunha ferramenta para desestacionalizar e a dinamizar a actividade do sector no municipio.

Os establecementos participan foron: D'Orixen, Adarve, París, Al Paso To Go, 8 Mm, Camping-Parrillada Sarria, Pan Team, Barullo Gastrobar, Cubano, O Turuta, Central, Vilas, Next, Dp Cristal, Don Pepe, Restaurante O Chanto e o Hotel Alfonso IX. As persoas que participaron puideron entrar no sorteo dunha viaxe, e as persoas que completaron a tarxeta de votación cun mínimo de establecementos poderán gañar a outros agasallos, como comidas ou lotes de produtos.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón y Bacon
8€

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazo, 30 - Balaz Sarria

982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

cafebarcubano

TAPERIA J | JATO

✓ Raciones a medida

✓ Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



COMARCA

A 2ª fase do Plan de Sendas estenderase en máis de 120 quilómetros



A Xunta licitou, por importe de 4 millóns de euros, os contratos de redacción dos proxectos das actuacións a financiar con fondos europeos FEDER 21/27, que inclúen a redacción dos proxectos dos itinerarios de alta prioridade incluídos na segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, que suporá estender a actual rede de sendas noutros 120km ata 2027, cun investimento total de preto de 70 millóns de euros. Esta nova fase do plan que se saca a concurso inclúe un total de 114 itinerarios nas catro provincias galegas.

A licitación anunciada pola Axencia Galega de Infraestruturas inclúe 6 lotes de redacción de proxectos, dous para sendas peonís e ciclistas, dous para mellora da seguridade viaria en estradas autonómicas, un para actuacións de mitigación do ruído e outro para actuacións preventivas en muros e noiros. O obxectivo é se poida comezar a redactalos a mediados do vindeiro ano. As empresas interesadas terán de prazo ata o vindeiro 30 de xaneiro.

A Xunta leva case 300km de itinerarios peonís e ciclistas coa anterior fase do Plan de Sendas de Galicia, que recentemente foi premiado pola UE. A través deste plan, o Goberno galego está a dotar de rutas accesibles ás estradas autonómicas, permitindo a circulación separada de vehículos e peóns, mellorando así a seguridade viaria ao proporcionar un itinerario cómodo e seguro ás persoas, ademais de fomentar un estilo de vida máis saudable.

As lonxitudes e orzamentos definitivos destes itinerarios concretaranse nos proxectos que se redacten, pero partindo da planificación xa proxectada nas catro provincias. Por outra banda, na provincia de Lugo prevese, entre outros, novos itinerarios en Ombreiro (Lugo), en Guitiriz, en Parga, en Monforte de Lemos ou en Sarria. No caso de Ourense, destacan as previstas na capital da provincia, en Reza, de acordo co proxecto consensuado cos veciños; e na zona do Cumial.

A Xunta habilita un acceso aos permisos de queimas no móbil

Xa está dispoñible unha nova forma de tramitar as comunicacións de queimas, accedendo a través da aplicación móbil XuntaEu. Así, os usuarios desta app que seleccionen o botón Contacta coa Xunta terán ao seu dispor, entre outras utilidades, a ligazón de permisos de queimas (Comunicación de queimas - internet), así como o número de teléfono 085, ao que se debe chamar para alertar dun posible incendio forestal.

Unha vez dentro do portal da internet, os cidadáns deberán confirmar que se trata dunha "queima correspondente a palla e/ou material natural, agrícola, non perigoso,

utilizado en explotacións agrícolas e/ou gandeiras". Ademais, en días laborables, está a disposición dos cidadáns o teléfono 012 para comunicar as queimas. Tanto as comunicacións como as autorizacións para efectuar queimas de restos forestais amoreados deixarán de ter validez nos días que hai vento e altas temperaturas.

XuntaEu permite, ademais, xestionar o usuario de Chave365 (cambiar clave de acceso, renova, modificar o teléfono móbil ou darse de baixa), consultar expedientes e presentacións, consultar as notificacións electrónicas, outorgar apoeramentos, etc.

A provincia de Lugo protagonizará a 15ª etapa de 'La Vuelta 2025'

A provincia de Lugo e, concretamente, a comarca de Sarria e da Ribeira Sacra, volverá a ser protagonista na 15ª etapa de La Vuelta 2025 o 7 de setembro, cun percorrido de 167 quilómetros e cualificado como de montaña. A 90ª edición da proba volve discorrer pola provincia grazas ás xestións da Deputación de Lugo a través dun contrato de patrocinio coa entidade organizadora, Unipublic. A capital da Ribeira Sacra, Monforte, será o punto de chegada da etapa, que pasará tamén pola Montaña Lucense e a comarca de Sarria. Cun percorrido similar ao do ano 2021, que tamén finalizou en Monforte de Lemos e que cualificou como "longa e dura, das que se denominan rompe pernas, polas continuas subidas e baixadas, que sen dúbida van poñer a proba as forzas dos corredores". "Sabemos que o retorno económico e en termos de promoción para a provincia é enorme e por iso levamos anos apostando por esta proba. Porque ademais dun escaparate importantísimo, mobiliza unha organización de 3.000 persoas", apuntou o presidente, quen valorou que a



aposta da Deputación permitiu que en tan só catro anos, a provincia de Lugo fora escenario de tres etapas desta cita ciclista e o que iso supón polas retransmisións en directo seguidas por millóns de persoas.

Recordou que o ano 2021, Monforte de Lemos foi tamén final de etapa na xornada 19 que partiu de Tapia, atravesando 12 concellos da provincia nun percorrido de 139 quilómetros por territorio lucense; e que este ano 2024 unha das etapas partiu de Lugo, "cunha excelente acollida na capital da provincia", para rematar en Ancares. O ano pasado foi a etapa 13 a que

discorreu por Lugo, O Corgo, Baralla, Becerreá e Cervantes.

Na gala de presentación desveláronse as localidades e as datas polas que transitarán as diferentes etapas da proba no 2025, que arrancará o 23 de agosto en Italia e rematará en Madrid o 14 de setembro de 2025. "O obxectivo que motivou á Deputación para volver a colaborar coa organización de La Vuelta para o seu paso pola provincia forma parte da nosa estratexia para impulsar o desenvolvemento social e económico, neste caso coa promoción do territorio a través do turismo".

A Xunta convoca novas axudas para apoiar ás entidades deportivas

O Diario Oficial de Galicia publica a convocatoria de axudas a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE) de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, dotada con 2 millóns de euros. A medida vai dirixida ás entidades inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia (RED), cos datos actualizados. Para poder acceder ás axudas é preciso non ter sido sancionado pola federación no ano anterior á convocatoria por condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas asistentes, e non discriminar por razón de xénero nos premios ou recoñecementos que outorguen, entre outros requisitos.

Como novidade, nesta convocatoria requírese ademais estar correctamente inscrita na aplicación Actfis-Galicia Activa, que sustenta o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia. Débese tamén ter aprobado o Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes fronte a Violencia no Deporte, e designada a persoa Delegada de Protección



correctamente inscrita no RED. En ambos os casos, dáse como prazo para o seu cumprimento o primeiro semestre de 2025.

Os gastos que poden xustificar os beneficiarios son os derivados da súa participación en competicións no ano 2024.

Entre os criterios de valoración que determinan o importe da subvención está a relevancia da actuación deportiva da entidade, o número de deportistas e adestradores federados, a participación nas principais competicións internacionais, o número de deportistas internacionais ou a participación en fases de ascen-

so. Así mesmo, hai un conxunto de criterios puntuables non deportivos entre o que destaca as actuacións en prol da igualdade efectiva de homes e mulleres no deporte ou contra a violencia machista. De feito, este ano primase nos criterios de valoración o deporte feminino, xa que as licenzas femininas duplican o seu valor na puntuación respecto ás masculinas. As entidades interesadas en acceder a esta liña de apoio deberán presentar as solicitudes a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta no prazo dun mes contado a partir do día 2 de xaneiro.

A tempada de pesca continental será do 16 de marzo ao 31 de xullo

A tempada de pesca deste ano en Galicia comezará o vindeiro 16 de marzo e rematará o 31 de xullo, tal e como establece a orde anual publicada no Diario Oficial de Galicia, na que se recollen as normas xerais de pesca das distintas especies ictícolas nas augas continentais galegas. Así, no caso concreto do salmón, o período hábil abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de xullo, salvo no caso dos tramos compartidos do río Eo, e nos coutos de Betanzos e do río Ulla onde rematará o 30 de xuño. En todo caso, poderá adelantarse o remate da tempada en función das capturas.

A cota de captura establécese nun exemplar por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 40 centímetros. A ratio anual no río Ulla queda fixada en 7 exemplares; no Mandeo os exemplares serán 2; no caso do río Masma a cota é de 10 salmóns; no Miño fíxase en 2; e no couto de Salmeán, en 10. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura.

En relación cos engados, poden ser naturais autorizados ou artificiais, que son elaborados imitando animais ou outros obxectos que poden ser atractivos para os peixes que se queren capturar.

PESCA DO REO. A tempada hábil para a pesca do reo, en xeral, comezará o 1 de maio e rematará o 31 de xullo. En todo caso, prorrogarase nos coutos de Betanzos, Noia, Noval, Ombre, Padrón, A Ponte do Porto, Ribeiras, Segade, Traba, Xuvia e Lambre



ata o 30 de setembro; e ata o 31 de agosto no caso de Ponte Arnelas, Pontevea, Santeles, Sinde e Ximonde.

A cota de captura establécese en dous exemplares por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 35 centímetros, pero no caso do río Eo compartido será de 25 centímetros.

Sobre os engados, nos caso dos artificiais permítense os mesmos que para o salmón, ao que se suma tamén o risco. No que respecta aos naturais, autorízanse todos, agás calquera tipo de ovas de peixes e o peixe natural; e en augas salmoneiras tampouco se permiten os cebos naturais, só os autorizados para a pesca do salmón nos seus coutos.

PESCA DA TROITA. Para esta especie a tempada comezará o 16 de marzo e rematará o 31 de xullo. Nos coutos con convenio de colaboración, prolongarase ata o 30 de setembro na modalidade de pesca sen morte, e nas augas salmoneiras, nas de reo ou nas

de montaña o inicio atrasarase ata o 1 de maio.

Como norma xeral establécese a posibilidade de capturar 6 exemplares ao día e por persoa, cunha talla mínima de 19 centímetros. En canto aos engados, son os mesmos que os da tempada pasada.

Por outra banda, este ano véndanse en todas as masas de auga as seguintes especies: cangrexo de río, reñosa, espiñento, zamborca e anguía. A pesca da saboga só se autoriza no tramo do río Ulla comprendido entre a presa de Couso e a desembocadura entre o 1 de maio e o 8 de xuño. Así mesmo, autorízase exclusivamente dentro dos ámbitos territoriais que se indican na orde a pesca das seguintes especies exóticas invasoras: perca americana, carpa, cangrexo vermello americano e cangrexo sinal.

XORNADAS HÁBILES. Con carácter xeral, decláranse os luns como días inhábiles para a pesca, agás festivos nacionais ou autonómicos.

Os xoves serán hábiles unicamente para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga, excepto festivos nacionais ou autonómicos, que serán hábiles segundo a modalidade de pesca autorizada en cada masa de auga.

‘Cantareira’, elixida Palabra do Ano 2024



‘Cantareira’ foi elixida como Palabra do Ano 2024, resultado dunha votación popular organizada pola Real Academia Galega (RAG) e a Fundación Barrié a través do Portal das Palabras. Esta elección pon o foco no papel histórico das mulleres na preservación e transmisión da poesía popular oral galega, un legado que entrelaza música e lingua e que segue vivo grazas á cultura e a identidade propias de Galicia.

O termo “cantareira” designa tradicionalmente ás mulleres que cantan cantigas populares e será protagonista en 2025, cando o Día das Letras Galegas estea dedicado a elas. Figuras como Adolfinia e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeira e tres das Pandeireteiras de Mens serán homenaxeadas polo seu papel na transmisión deste patrimonio inmaterial. Estas cantareiras non só perpetuaron melodías, senón que contribuíron á memoria colectiva, inspirando a novas xeracións de músicos e poetas.

A elección de “cantareira”, que obtivo o 25% dos votos, é unha mostra de como a sociedade recoñece a relevancia do patrimonio oral galego e das mulleres que o sustentan. Outras palabras finalistas foron “meu, miña”, cun uso destacado na oralidade contemporánea, e “fala”, que reivindica a lingua galega como símbolo de identidade.

Unha palabra chea de historia e

modernidade

O significado de “cantareira” vai máis aló da súa definición no dicionario da RAG, onde se refire a unha muller que canta cantigas populares. Esta palabra, derivada do verbo latino cantare, agocha séculos de tradición e o poder colectivo da música e a oralidade como vehículo cultural. Segundo Gonzalo Castro, concelleiro de Cultura e Turismo, “a elección de cantareira recoñece unha parte fundamental da nosa historia e proxecta a nosa lingua cara ao futuro”.

O anuncio de que as Letras Galegas 2025 estarán dedicadas ás cantareiras tamén marca un fito significativo. Entre as homenaxeadas están tocadoras que participaron no Cancioneiro Popular Galego, unha obra monumental de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina que documenta cantos de labor, romances, regueifas e moito máis. A investigadora suíza, sorprendida pola riqueza deste legado, pasou case unha década recollendo cantos por oitenta e oito concellos galegos, co apoio da Fundación Barrié.

A celebración das Letras Galegas 2025 converterase nunha oportunidade para conectar o pasado co presente. Actividades especiais destacarán o impacto das cantareiras e incentivarán a súa influencia nas novas xeracións de intérpretes.

Dende 2014, a iniciativa da Palabra do Ano busca fomentar o uso do galego e adaptar o seu léxico á realidade cotiá. Este ano, ademais de “cantareira”, destacaron opcións que reflicten a riqueza da lingua, como “aparvar(se)”, cun significado tradicional reinterpretado na era dixital, e “fala”, símbolo da lingua como identidade. Así, ‘cantareira’ convértese nunha ponte entre a tradición e a modernidade, consolidando o galego como un idioma vivo, diverso e capaz de seguir evolucionando sen perder as súas raíces.

FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL S.L.

- AEROTERMIA
- SUELO RADIANTE
- BIOMASA
- INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

“Queremos ir pouco a pouco, facendo un proxecto bonito”

Falamos con Lorena Vázquez, presidenta da Asociación de Veciños de Cedrón, na parroquia homónima de Láncara que xorde en marzo de 2024

Jessica Fernández

“Foi algo que sempre estivo aí, na mente de todos, pero que non chegara a materializarse”. A Asociación de Veciños de Cedrón xorde como froito dunha idea madurada en varias reunións celebradas con veciños e veciñas da parroquia de Cedrón, en Láncara, no pasado mes de marzo de 2024. A súa presidenta, Lorena Vázquez, di que “os veciños tiñamos fanas de poder organizar cousas para a xente do pobo, facer actividades e, en xeral, dinamizar a vida na parroquia. A idea sempre foi facer unión entre os veciños”, argumenta.

nitaria”, defende Vázquez, que destaca como fin fundamental “darlle vida ao pobo, á parroquia, recuperar a súa vitalidade e facelo máis atractivo para vivir nel”.

Así, con arredor de 220 socios na actualidade, din que a evolución da asociación nestes meses foi “moi positiva, a pesar de que, como en todo na vida, os comezos sempre son duros, e sobre todo porque cando se inicia un proxecto destas características, xa que non se conta con presuposto nin medios materiais para poder facer o que se queira”, explica. Pero sostén que están “realmente, moi

AS NECESIDADES. Como comentaba Lorena Vázquez, “as ideas son moitas, pero non podes facer todo porque non hai recursos”. Por iso, están traballando para poder recibir todas as axudas e colaboracións que sexan posibles, tanto por parte do Concello de Láncara, como parte da Deputación, da Xunta e doutras institucións e asociacións “coas que poidamos colaborar estreitamente. Arrimando o ombro pódense conseguir cousas moi grandes”, destaca.

Pero, concretamente, demandan unhas necesidades que consideran “urxentes”, como é “conseguir un local no que poder realizar as actividades que teñamos pensado planificar e facer, xa sexan cursos, momentos de lecer, as reunións preceptivas da directiva ou cos propios asociados, etc. De feito, é un dos principais obstáculos cos que contamos agora mesmo, o non dispoñer dun local de propio”, comenta. A maiores, ademais, tamén piden “algo de mobiliario e equipamento para o desenvolvemento da actividade propia da asociación”, explica.

Todo isto, sostén, é necesario para a supervivencia da asociación, que, á súa vez, “é moi necesaria para Cedrón e para Láncara, xa que Láncara é un Concello moi grande e disperso, enmarcado no rural, e aínda que nós nos focalizamos máis ben no ámbito da nosa parroquia, consideramos que sempre é unha forma de man-



ter viva unha parte do Concello moi importante, e que o necesita moito. Sen lugar a dúbida, o facer comunidade e unión entre os veciños é moi importante para que a parroquia continúe viva, pero tamén o Concello en xeral, no que repercute directamente”, destaca a presidenta.

Ademais, comenta que o tema do despoboamento é unha preocupación dos veciños e dos compañeiros da Asociación, polo que volve subliñar a importancia de “facer comunidade, manter as relacións entre os veciños para frear o despoboamento. Para calquera persoa será máis atractivo vivir onde hai actividades que nun sitio no que hai nada”, conclúe.

OS PROXECTOS. Pola súa parte, os proxectos que teñen en mente de cara ao futuro é “seguir medrando”, xa que “a parroquia é moi grande e hai moitos asociados potenciais, incluso veciños de parroquias do arredor con familia ou amigos en Cedrón que poderían formar parte da nosa asociación e actividades”, explica Lorena. Así, di que “ata o momento, e tendo en conta que somos unha asociación veciñal e cultural, as actividades que viñemos desenvolvendo ata o momento foron esencialmente

culturais”. En xullo, celebraron un pequeno acto de benvida, en novembro celebraron o Magosto, e tamén fixeron unha excursión levada a cabo a través do programa ‘Coñece a túa provincia’ da Deputación de Lugo, co que visitaron o Pazo de San Marcos e o Museo do Mar no Vicedo. Ademais, levaron a cabo varias accións formativas, entre as que destacan un curso de primeiros auxilios, unha charla no marco do Plan Mayor de Seguridade impartido pola Garda Civil e unha xornada formativa de introdución á micoloxía.

Como plans de futuro, a presidenta sostén que “o que nos funcionou, queremos repetilo e ir engadindo algunha cousa. Gustaríanos impartir algunha formación de ximnasia de mantemento ou baile, ou clases dalgún instrumento. Logo, temos ideas moi boas e ilusionantes, pero queremos ir pouco a pouco facendo un proxecto bonito, organizando máis e mellores actividades, e que os veciños se sintan acompañados e felices de vivir en Cedrón. É moi importante para nós acompañar á xente máis maior e, ao mesmo tempo, ir introducindo ás novas xeracións nesta nova comunidade, de forma que o espírito rural de Cedrón se manteña vivo”, sentencia.



Os obxectivos, polo tanto, “van encamiñados á potenciación do benestar veciñal, mellorando a calidade de vida no rural, preservando os costumes populares, promovendo e fomentando o nivel cultural, defendendo os intereses dos veciños e fomentando a conciencia comu-

contentos, porque o acollemento por parte da veciñanza e da xente en xeral foi moi bo dende o primeiro momento, e iso, queiras que non, dá moitas forzas para seguir facendo camiño e seguir conseguindo os obxectivos proxectados.



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general



MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com



Mellorarase a xestión de residuos e limpeza viaria do municipio

O Concello de Láncara sacará a licitación a mellora da xestión de residuos e limpeza viaria do municipio, incluíndo tamén novos servizos como a recollida selectiva de materia orgánica ou o fomento da compostaxe. O contrato terá unha duración máxima de 10 anos e un valor de arredor de 2,7 millóns de euros e o obxectivo desta actuación é promover prácticas responsables entre os veciños, así como preparar ao concello para o incremento dos custos derivados do tratamento do lixo non separado. Con isto, Láncara será das primeiras provincias de Lugo en aplicar as normativas europeas de recollida e tratamento de lixo.

Concretamente, instalarase un quinto contedor marrón para materia orgánica na Pobra de San Xiao e levarase a cabo unha recollida selectiva porta a porta de materia orgánica



en establecementos comerciais de maior produción.

Outras accións serán aumentar os puntos destinados a envases lixeiros, cartón e vidro; así como recollerá residuos de gran tamaño e aceite doméstico usado e mellorará o punto limpo. Tamén, porase en marcha un modelo de creación dun lote de compostaxe doméstico para levar ás

vivendas illadas, instalará un compostaxe escolar no CPI Ramón Piñeiro e outro comunitario na urbanización de Valdriz.

Finalmente, implantarase un sistema de control para garantir a calidade dos servizos e campañas de sensibilización, con charlas informativas, comunicación e atención personalizada.

O presidente da Deputación puxo en valor o seu apoio a Láncara

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, supervisou as obras realizadas na rotonda de acceso ao núcleo da Pobra de San Xiao, a rúa Benigno Quiroga, a rúa das vivendas sociais e pararon tamén diante do mural de Diego AS; percorreron os traballos de acondicionamento realizados na rúa Alfonso Cela e na rúa Río Neira; e trasladáronse á Casa do Concello para asinar un novo convenio de colaboración entre ambas entidades por importe de 140.000 euros. Este acordo, a través do que a institución provincial achegará a Láncara 110.000 euros, servirá para realizar melloras en varias estradas municipais e para adquirir un vehículo tipo SUV. Concretamente, este investimento irá destinado ao acondicionamento de camiños municipais que dan acceso a lugares de montaña como Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella, na parroquia de Santiago de Cedrón; e camiños de acceso a Bustelo, na parroquia de Vilouzán.

Unhas actuacións que contemplan melloras do firme, que inclúen tarefas de limpeza e asfaltado. Tamén se adquirirá, con cargo a esta achega, un vehículo tipo SUV co obxectivo de reforzar servizos básicos e modernizar o parque móbil municipal.

Aproveitaron a súa visita á Casa Consistorial para percorrer as instalacións municipais e comprobar as actuacións que se fixeron con cargo ao Programa Impulsa TIC para a transformación dixital dos concellos co que a Deputación captou máis de 4 millóns de euros de fondos euro-



peos. Nese sentido, a Deputación de Lugo achegou a Láncara preto de 85.000 euros para un total de 15 actuacións baseadas en mellorar a

interoperabilidade, a crear unha administración máis resiliente coa automatización e dixitalización dos pleos e á mellora da súa transparencia.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

O Partido Popular critica as subas de impostos dos orzamentos



O Partido Popular de Láncara advirte que “os orzamentos do goberno municipal para o 2025 se incrementan por subir impostos e taxas aos veciños e veciñas e, aínda así, descenden os investimentos en obras e melloras con respecto a este 2024. Concretamente, 200.000 euros menos”.

A portavoz, Olga Capón, indica que “Láncara ten uns datos alarmantes: un gasto de máis de 10.000 euros mensuais a pesar de dispoñer dun servizo pésimo, con contedores rotos ou escasos e sen desenvolver ningún tipo de acción de reciclaxe”. É máis, “o Concello ten que facer fronte a sancións por impropios e o contrato de recollida do lixo está caducado e sen renovar dende setembro do 2022”.

Os populares tamén botan en falta partidas para o impulso e dinamización económica, nada para o polígono industrial, apoiar o pequeno comercio ou impulsar o sector turístico, para facilitar o acceso á vivenda ou para acondicionar inmoables de titularidade municipal, como as escolas rurais- ou espazos verdes. “Tampouco recollen

as contas do goberno local nada para as traídas de auga para as parroquias que aínda non dispoñen deste servizo, a pesar de que o prometeu en campaña electoral”, explica Capón.

E, en relación ás obras que tiña anunciado o alcalde para o 2023, algunhas iniciáronse no 2024 e outras non, como as do punto limpo. E o acceso ao polígono na Pobra de San Xiao, entre as obras previstas para este 2024, queda para o 2025.

MÁIS PETICIÓN. Os populares piden o arranxo das vías que están mal, sobre todo as de montaña, e supervisarán “que o alcalde cumpra todo o que promete”.

Ademais, critican que se adquira outro vehículo para acceder a zonas de montaña; “polo que nos preguntamos se é que o alcalde quere cambiar de coche”.

En relación á mellora do polideportivo, a popular lembra que “o goberno local socialista non solicitou a axuda á Xunta no ano 2023”. Así, “os baños permanecen pechados, chove dentro e as luces non funcionan”, advirte a popular.



Supermercados **PARADELA**

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 **PARADELA** / Telf.: **982 541 532**

Tira e afrouxa entre o PP e o Goberno local



O Partido Popular de Samos presentou unha moción “para garantir que os residentes das vivendas comunitarias teñan todos os días un menú axeitado ás súas necesidades alimenticias”, tal e como explican, instando a mellorar o plan de alimentación nas vivendas comunitarias do municipio, unha iniciativa que foi rexeitada polo resto dos concelleiros con representación municipal. O portavoz, Miguel Gallejo, explicaba que “a moción instaba a que tivesen todos os días un menú no que se incluíse un primeiro prato de culler e un segundo con carne ou peixe”. Porén, desde o Goberno local votouse en contra desta moción alegando que o plan de nutrición dos usuarios das vivendas comunitarias “está revisado por un médico e hai gran variedade nos pratos, sen repetir unha comida concreta e valorando todas as necesidades nutricionais dos usuarios”. Os populares indicaban na súa moción que a sopa era “augada e salgada” e que a empanada “estaba rancia”, ao que a alcaldesa, Chus López, contesta que

“hai uns meses contratouse unha cociñeira que o fai xenial, proba diso é que ningún usuario se deu de baixa no servizo, ademais de que a empanada repárese quente arredor da hora na que está programada a comida”. Ademais, os populares, levaron varias preguntas sobre “onde mete os cartos o Goberno local”, e desde Alcaldía contestouse a todas esas preguntas, xustificando os pagos e dando argumentos para explicar que fai “o que pode cos cartos que temos, e tendo en conta que nos contamos con máis financiación da Xunta para o SAF”, por exemplo. A ese respecto, os populares tamén preguntaron pola lista de espera do SAF que “segue en aumento”. Con todo, desde o Goberno local informan que no pleno se introduciu unha votación para nomear como titular e suplente do Concello de Samos na Reserva de la Biosfera Ribeira Sacra e Sierras do Oribio e Courel, na que quedaron elixidos a alcaldesa, Chus López, e o tenente de alcalde, Jose Manuel López Préstamo.

Samos acolleu a estrea da serie da vida de frei Rosendo Salvado

O Concello de Samos acolleu a estrea da serie documental sobre a vida e obra do misioneiro beneditino frei Rosendo Salvado, dirixida por Valentín Carrera para Televisión de Galicia. En catro episodios de media hora, ‘Rosendo Salvado: aventura e misión dun galego en Australia,’ relata a “increíble e fascinante” biografía de Rosendo Salvado, nacido en Tui en 1814, como viaxeiro, músico, escritor, emprendedor, teólogo, precursor da homeopatía, antropólogo e científico.

En palabras de Valentín Carrera, foi “o primeiro galego global da historia, cuxas viaxes compiten con grandes exploradores como Cook, Darwin, Humboldt ou o tamén misioneiro David Livingstone. Rosendo Salvado cruzou dez veces os mares entre Europa e Australia, navegou máis de cen mil millas, levando e traendo, nunha xenuína viaxe de ida e volta,



descubrimentos, achados, música, cultura, botánica, e novas sensibilidades no seu encontro co Outro”. A cabeceira da serie inclúe as primeiras imaxes de Rosendo Salvado creadas con Intelixencia Artificial por Marcos Mosquera. Presenta os catro capítulos o xornalista Carlos Prado, a pé de localización; Alicia Dapena e Anxo Cabada dan vida á narración en off e á propia voz de Salvado, inter-

pretadas respectivamente por Isabel Vallejo e Luis Iglesia. Completa o relato a xestora cultural e pianista Andrea González, intérprete do recente disco Salvado Piano Works, baseado en partituras do monxe tudense. A cámara e montaxe estiveron a cargo de Javier Silva, con Paz Gutiérrez como ‘script’, e a produción executiva de Francisco González.

A Festa de Nadal de Samos acolleu actividades para os máis pequenos

O Campo da Festa de Samos acolleu a Festa de Nadal organizada polo Concello de Samos coa colaboración da ANPA do colexio e a Deputación de Lugo.

Nesta, representouse a obra teatral ‘Castelao’, unha produción de Culturactiva Producións, que traslada ao público á infancia de Castelao, presentándoo como un neno de 8 anos na súa aldea natal. Despois do teatro, houbo unha merenda para



os nenos con monitores e pintacaras. Ademais, estivo tamén o novo apalpador, Brais Moure, fillo de Anxo

Moure. Todo rematou cos cotillóns e badaladas, celebrando así o Fin de Ano para os máis pequenos.

A Apalpadora achegouse ata o colexio de Samos

O CEIP Samos acolleu a visita da Apalpadora, que ofreceu un espectáculo inesquecible para o alumnado dese mesmo centro educativo, así como para o resto de nenos e nenas dos coles de Triacastela, O Incio, O Cádavo e O Courel. Esta actividade, enmarcada nas accións da Furgoteca, fixo que nenos e nenas da montaña da comarca de Sarria e arredores desfrutaran dunha actividade navideña. Así, a pesar das baixas temperaturas, todos estiveron vendo á filla do Apalpador no patio do colexio, que contou como é a vida na alta montaña e as súas lendas.

ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

C-27-000501

logopedia Centro de **Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?**

TRASTORNOS

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

o incio

O Concello pediralle á Deputación compromiso coa Casona do Incio

O Goberno municipal do Incio conseguiu o compromiso do Pleno para que a Deputación de Lugo destine 250.000 euros á rehabilitación da Casona. A Corporación aprobou por unanimidade a moción que presentaron os socialistas cunha emenda do equipo de Goberno na que solicitan que a Deputación achegue os fondos pendentes comprometidos xa no ano 2015. A iniciativa dos socialistas propuña reclamar a cesión da Casona da Cruz do Incio ofrecida pola Deputación de Lugo, actual propietaria do inmoble, así como a petición a outras administracións de fondos para a súa rehabilitación. Tal e como explica o alcalde



do Incio, Héctor Corujo, “nós aceptamos a cesión do inmoble, para o que recuperaremos o polígono que afecta a esta propiedade e faremos cargo do proxecto, que terá un uso social, e reclamaremos que a

Deputación cumpra a súa parte do acordo coa cesión deses 250.000 euros. Agardamos que a institución provincial cumpran co acordado e non quede en papel mollado, como nas anteriores ocasións”, precisou.

Finalista nos XV Premios ao Desenvolvemento Rural da Xunta

Un proxecto do Incio, a Recuperación de terras abandonadas e posta en funcionamento, quedou finalista na categoría de Recuperación e posta en valor da terra agraria dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.

O gañador, Adrián Armesto, ademais, é o promotor da aldea modelo de Trascastro, no Incio, e xa aparecera como protagonista dun vídeo da Xunta de Galicia que se fixo viral. “Vivir no rural e do rural é posible e merece a pena e, ademais, no rural hai moitas oportunidades”. Así o defendeu a conselleira do Medio Rural, María José



Gómez, durante a súa intervención na entrega dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural.

Neste evento, María José Gómez trasladou os seus parabéns aos premiados e finalistas destes galar-

dóns e louvou as súas traxectorias que, destacou, “encaixan perfectamente cos valores, a filosofía e os criterios de actuación que promovemos desde a Consellería do Medio Rural”.

triacastela

Destinan máis de 400.000 euros á EDAR



Augas de Galicia, organismo dependente da Xunta de Galicia, vén de adxudicar o contrato de obra da ampliación da estación depuradora de augas residuais de Triacastela por un importe de 434.010 euros.

Estas obras, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), servirán para dar solución á problemática de que a actual EDAR está deseñada para dar servizo a uns 350 habitantes equivalentes

e a poboación do municipio xa supera os 600. Ademais, con ela, mellórase o esquema actual do proceso de depuración.

De feito, a actuación, ademais de ampliar a capacidade de depuración actual, mellora o sistema, incluíndo a decantación primaria así como a renovación completa de todos os equipos. O prazo de execución das obras é de seis meses.

Con esta obra, a Xunta de segue mellorando o estado das masas de auga dos ríos e rías galegos.

María do Ceo protagonizou o tradicional Concerto de Nadal

A Igrexa parroquial de Santiago de Triacastela encheuse este domingo, 22 de decembro, de xente que quixo asistir ao Concerto de Nadal da fadista María do Ceo.

Organizado pola Xunta de Galicia e o Concello de Triacastela o concerto tiña a finalidade de ofrecer á veciñanza de Triacastela un repertorio de cancións de Nadal da man desta cantante recoñecida de Portugal.

María do Ceo é coñecida por ser unha das principais expoñentes do fado, o xénero musical tradicional portugués que expresa melancolía, nostalgia e amor. Aínda que naceu en Portugal, especificamente na rexión do Porto, desenvolve unha parte significativa da súa carreira artística en Galicia, España, o que a converte nunha ponte cultural entre ambos os países.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20 ANOS



o páramo

‘Voces do Páramo. A casa dos contos’ continúa



O colexio do Páramo acolleu, unha tempada máis, o *podcast* ‘Voces do Páramo. A casa dos contos’ promovido polo profesor Toni, que xunto ao seu alumnado de 3º e 4º de Primaria, chegou a 5.000 oíntes.

“A primeira tempada neste primeiro trimestre de curso tivo unha acollida moi boa, xa que temos 5.000 oíntes fieis de diferentes partes do mundo: Brasil, Polonia, Reino Unido, España -que onde máis nos escoitan é en Madrid-, Miami, Rumania e Alemaña”, destaca o profesor.

Toni, que empezou con esta iniciativa o ano pasado no centro educativo de Educación Infantil e Primaria, decidiu finalizar esta tempada con

Especial da Nadal co alumnado de 4º de Primaria, que gravou o ‘Conto do Apalpador’, mentres que os de 3º de Primaria explicaron curiosidades do Nadal, falando de Papá Noel, sobre personaxes ilustres doutras culturas como o Olentzero ou o Tió de Nadal, sobre o turrón, sobre por que se comen as uvas...

Agora, no segundo trimestre, seguirán gravando o *podcast*, xa que “os nenos están super motivados” co estilo audiolibro, aínda que Toni destaca que introducirán un novo *podcast* para falar de diversas temáticas “como unha charla-coloquio, pero desde as curiosidades para que os nenos investiguen”, explica.

O municipio celebrou o seu I Mercado de Nadal no Concello

O Concello do Páramo celebrou o seu primeiro Mercadiño de Nadal do municipio, no que houbo artesanía, alimentación, antigüidades e actividades. Así, o municipio acolleu a visita de Papá Noel, unha degustación

de chocolate e roscón, polbo á feira, unha actuación de Jandro Pallares, da Escola de Baile Ritmo Lugo, un obradoiro sobre as emocións a través de xogos teatrais e unha sesión de contacontos.

maderas grandas



MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
 Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

paradela

Entregados os premios do XXIX Manuel Oreste Rodríguez López

O Concello de Paradela entregou o premio da XXIX edición do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López e presentou o libro realizado cos traballos galardoados nun acto no centro sociocultural Manuel Oreste Rodríguez. Luis Lexandel Pita García foi o gañador na modalidade de poesía, coa obra ‘Cuando sobre un bloque de luz cabalga tu voz’; mentres que o gañador en narrativa foi o pontevedrés Cristóbal Silva Poceiro, con ‘Misterioso asesinato nos cines vellos do norte’. Ademais, na categoría Camiño de



Santiago, o vencedor foi o compostelán Jesús Curros Neira, con ‘O Camiño esquecido’. Ademais, o xurado concedeu dous accésits

e dúas mención de honra en cada categoría para autores de toda España, tanto de Galicia como do resto de comunidades.

O Goberno local aproba para 2025 uns orzamentos de case 2 millóns

O Goberno local de Paradela vén de aprobar uns orzamentos de 1.860.000 euros para o vindeiro ano 2025, 70.000 máis que os aprobados para o ano 2024.

Con estes orzamentos, dedicarán 468.800 euros para inversións reais, como 102.738 euros para mellorar vías de estradas, 74.381 euros do plan de mellora de camiños rurais da Xunta e 253.608 euros do Plan Deputación. Ademais, contéplase a elaboración dun plan de xestión e prevención de residuos e implantación dun punto limpo móbil.

Por outra banda, no ámbito cultural, o orzamento recolle unha partida de 25.000 euros para a Feira de San Isidro, unha de 5.000 euros para a comisión de festas de Paradela, outra de 4.000 para a comisión de fes-



tas de Castro de Rei e reserva 3.000 euros para o resto das parroquias. Ademais, no ámbito social, continúan as axudas para impulsar a actividade económica e polo nacemento de fillos no municipio; así como se contempla unha partida de 38.500 euros para as subvencións nominativas a asociacións: á SD Paradela, 7.000 euros;

á Asociación de Mulleres, 4.500 euros, á Banda de Música, 4.500 euros; á ANPA do CEIP e ao CEIP en xeral, 2.000 euros a cada un; ao motoclub Os Mouchos, 2.000 euros; e aos Veteranos de Paradela, 1.500 euros; e 1.000 euros á Asociación xuvenil de Castro de Rei de Lemos, de veciños de Vilaragunte e O Carrual.

Samuel Moreno levará a maxia a Paradela no día dos Reis Magos

O próximo 6 de xaneiro, a maxia dos Reis Magos asolgará as rúas de Paradela cunha cabalgata organizada polas colectivo Mulleres de Paradela.

O evento comezará ás 17.00 horas, coa saída desde o mercado gandeiro e un percorrido polo pobo, que permitirá a pequenos e maiores gozar da ilusión desta data tan especial.

Ao finalizar o percorrido, o centro sociocultural acollerá unha actuación do mago Samuel Moreno, que



promete sorprenden a todos os asistentes co seu talento e trucos. Ademais, realizarase a entrega de

agasallos e haberá unha chocolatada para que as familias compartan este momento entrañable.

DEPUTACIÓN

O Plan de Cooperación cos Concellos sobe aos 22 millóns

O Goberno provincial da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario de decembro as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2025, que decidiu subir ata os 22 millóns de euros, seguindo criterios públicos e obxectivos, como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial, e cun respecto total á autonomía municipal.

O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo, que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación, detallou, dá-lle aos concellos “total autonomía para decidir en que queren investir, achegándolles unha cantidade que se destina seguindo criterios obxectivos, cuestión que non fan outros Gobernos”, subliñou o mandatario provincial.

Pola súa parte, a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a unha maneira de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia. Nós practicamos a po-



lítica de feitos, cun reparto en base á transparencia e obxectividade”, aclarou.

Ademais, concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle chega a Deputación.

Así mesmo, o mandatario provincial detallou que esta medida “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou.

García Porto lembrou que por quinto ano consecutivo, o Executivo provincial saca adiante o plan no exercicio

anterior ao seu período de vixencia, o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor os fondos.

Por exemplo, as obras públicas poderanse executar na primavera-verán, o período do ano máis axeitado para traballar en exteriores dadas as características climáticas da provincia. Así mesmo, as bases do Plan Deputación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o día 7 de xaneiro, pasadas as datas de Nadal, o que tamén permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

Dedicarase 300.000 euros a 51 asociacións

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión das subvencións convocadas pola institución provincial a través do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios por un importe total de 300.000 euros.

As achegas repartiranse entre 51 asociacións da provincia para a execución de obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza do rural como a mellora de redes de abastecemento, vías, locais sociais ou espazos públicos.

As achegas provinciais oscilan entre os 1.000 euros e os 6.000 euros e foron concedidas a entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións veciñais, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais de toda a provincia.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, puxo en valor que “aínda que as axudas non teñen unha gran entidade económica, si terán unha gran relevancia social para mellorar o día a día da veciñanza”. E sinalou que a Deputación pretende facer chegar aos concellos do rural os servizos que necesita, traballando da man do tecido asociativo, que é quen mellor coñece as necesidades reais de cada territorio.

Grazas a esta liña de axudas de concorrencia competitiva, estas enti-

dades poden acometer actuacións como o acondicionamento da contorna da área recreativa da Capela do Carme, en Castroverde, e a recuperación de tres fontes; mellorar captacións e reparar o abastecemento de auga en Villamane e Bidueiras, no concello de Becerreá; acondicionar o local social situado na antiga Casa Escola de Mercurín, en Folgoso do Courel; ou adecuar o camiño denominado Candevila, no concello de Friol.

A Xunta de Goberno sacou tamén adiante, por un importe de 1,5 millóns de euros, a licitación das obras da granxa de porco celta na leira Gayoso Castro que a institución provincial ten en Castro de Rei cun orzamento de 1.057.404,26 euros, uns traballos que consistirán na construción dun espazo multifuncional de máis de 1.000 metros cadrados na leira Gayoso Castro e que incluírán unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe e con capacidade máxima para 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores. O prazo de execución desta actuación será de 12 meses desde o seu inicio.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, cumpre así co seu compromiso de licitar estas obras antes de que acabe o ano para que as instalacións poidan estar funcionando no ano 2026.

Esixe á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia tras unha moción socialista que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O presidente dixo que “a Xunta ten que deixar de tirar balóns fóra, poñer as pilas e comunicar ben por bus os nosos concellos”. Nese sentido, subliñou que igual que o Estado é o responsable das grandes liñas, facendo unha similitude co tren: do AVE e os servizos de longa distancia; a Xunta “é quen ten as competencias das proximidades”.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, di que o Estado

prevé 40 millóns de euros en axudas para que as comunidades autónomas asuman as rutas da súa competencia e reprochou que a Xunta, en lugar de estar pensando en como facer o mellor uso dese investimento non asumen as súas competencias en mobilidade.

O texto da moción insta ao deseño de rutas interiores, tanto dentro da provincia como na comunicación con outros puntos da comunidade galega, garantindo a interconectividade non só entre as grandes cidades, senón tamén co rural; e complementar ese servizo cun de lanzadeiras para conectar coas rutas nacionais e internacionais.

A Deputación inviste en formación dixital para zonas despoboadas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de 750.000 euros de Fondos Europeos para desenvolver o programa Reto rural dixital do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Con esta iniciativa, que se enmarca dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a institución provincial porá en marcha o proxecto E para dixitalizarse Lugo. Así o explicou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que o obxectivo é ofrecer formación en competencias dixitais á veciñanza da provincia.

García Porto destacou que o programa pretende “garantir a inclusión

dixital, diminuír a brecha dixital, asegurar a adquisición de competencias básicas para a cidadanía e garantir que as zonas en risco de despoboamento poidan aumentar os seus coñecementos sobre novas tecnoloxías”.

No proxecto E para dixitalizarse Lugo inclúense unha serie de accións formativas directamente relacionadas coas necesidades tecnolóxicas da sociedade actual e que irán dirixidas á adquisición de coñecementos vinculados ás TICs. Nesta liña, subliñou “a veciñanza da provincia aprenderá sobre cuestións relacionadas coa busca de emprego ou o emprendemento”.

Ademais, tamén haberá formacións de especial interese para pais e nais

“como por exemplo sobre os riscos de internet ou a dependencia dos dispositivos móbiles”. Para a poboación máis nova “temos previstos cursos de ofimática e informática básica, ciberseguridade e redes sociais” e as persoas maiores “poderán aprender sobre o uso do móbil, a banca electrónica ou ferramentas de comunicación como Whatsapp ou Telegram”.

Por outra banda, tamén foi aprobado un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais para o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) durante os anos 2025, 2026 e 2027.

DEPORTES

Jaime Paz deixa a SD Sarriana e vén Guillermo Oriol



A SD Sarriana xa conta cun novo adestrador despois de despedir a Jaime Paz, que nun comunicado dixo que “este día é moi emotivo para min, xa que poño final a case 5 meses de traballo, dedicación, esixencia e unha gran experiencia marcada por grandes momentos, onde puideren desfrutar de xogadores e persoas espectaculares, que se gañaron os meus respectos e admiración”, sostivo.

O adestrador, que chegara ao equipo en xuño para a tempada 24/25,

marcha para acompañar como técnico axudante a Quique Setián, que vén de fichar polo Beijing Guoan FC da Superliga china.

Pola súa parte, o novo adestrador é Guillermo Oriol, de Castellón, que formou parte do equipo técnico das canteiras do Barcelona e do Villarreal. Oriol empeza con ganas este novo proxecto deportivo porque “é un reto bonito”, e desexoulle a Jaime Paz, técnico do que tomará a traxectoria de traballo, os maiores éxitos na súa nova etapa.

Sarria acollerá o vindeiro 9 de febreiro a carreira Sarria 10 km

Sarria acollerá o vindeiro 9 de febreiro a carreira Sarria 10 km, organizada polo Club Running Sarria CC-Norte e que conta coa colaboración do Concello de Sarria e o patrocinio da Deputación de Lugo.

Esta carreira “busca situar Sarria no circuíto de grandes probas populares de Galicia, cunha distancia mítica para o atletismo”.

Co período de inscricións xa aberto, a carreira terá “un percorrido practicamente chairro, urbano, con boa temperatura e sen apenas difi-

cultades, que ofrece todo o que un atleta popular require na procura da tan ansiada mellor marca persoal”, propoñen desde a organización.

A proba ofrece varias modalidades de participación: 10 km e 5 km (16 anos en diante), 2500m para as categorías SUB16, SUB14, e 1500 metros para as categorías SUB12 e SUB10. Ademais, celebraranse dúas actividades non competitivas, unha andaina de 5km para todas as idades e unha carreira de pitufos de 200 metros para os máis pequenos.

“Estamos moi contentos co traballo e seguiremos así no 2025”

Como despedida do 2024, Álex Losada, adestrador e promotor da AC Taekwondo Sarria, fixo unha valoración dos éxitos acadados na escola durante este ano que vén de rematar, poñendo en valor o traballo do seu alumnado durante os diferentes eventos deportivos nos que participaron. Así, dixo que “a valoración deste ano é súper positiva, xa que a nivel de club aumentamos o número de licenzas, agora mesmo estamos arredor dos 140 alumnos e alumnas que forman parte desta familia deportiva da que estou súper orgulloso”, explica Losada, que destaca as clases que se imparten nos colexios de Sarria e Paradela, así como o alumnado propio da escola.

A Escola de Taekwondo fixo un ano de vida en xullo, polo que esta é a segunda tempada na que está activa e, a pesar do pouco tempo de vida, a escola xa está consolidada como un referente en Sarria e en toda Galicia, xa que neste ano e medio participaron de diferentes Open’s así como celebraron un en Sarria organizado polo propio Club. “O primeiro campionato de clubs de taekwondo organizado en Sarria saíu adiante grazas á implicación dos pais e nais dos nenos da AC Taekwondo Sarria, así como grazas ao Concello, que colaborou en todo o que nos fixo falta”, pon en valor Álex, quen, ademais, destaca a gran participación neste evento, “máis de 250 deportistas de altísimo nivel”. Con todo, lembra que nese Open do Camiño Vila de Sarria levaron 60 medallas a nivel de club que fixeron posible a participación nas distintas categorías do seu alumnado en posteriores eventos da mesma magnitude. “Estamos súper contentos con ese evento porque foi unha forma de promoción para poder participar nos demais e demostramos que hai moita preparación”.

SEGUIR MELLORANDO. Nesta dinámica de participación en eventos de-



portivos, a AC Taekwondo pechou o ano cunha nova xornada exitosa despois de participar no Open Cidade de Ourense organizado polo club Couto. Así, o club conseguiu un total de 28 medallas, destacando a prata conseguida por Mateo Fernández. Álex Losada pon en valor ao seu alumno, xa que destaca como competidor; é o único cinto negro e que pode participar en campionatos internacionais. Conta cun bronce no Open de España e outro a nivel europeo, que conseguiu no G1 de Croacia. Ademais, Losada subliña que Mateo “está de número 1 no ránking da Selección Galega na categoría júnior, mentres que eu estou de primeiro na sénior”. Con respecto a si mesmo, este ano Álex participou no Campionato Mundial de Hong Kong, no que non gañou, pero “fun ben preparado e representei ao meu país no taekwondo, pero é un orgullo. Hai que ter en conta que alí vai o mellor de cada país, polo que eu estou súper contento como deportista e como adestrador, xa que estas experiencias de participar en campionatos son súper enriquecedoras para traerme a Sarria novos coñecementos que adquiero do mellor do mundo, xa sexan exercicios como correccións que poden axudar aos meus deportistas a que aprendan mellor o taekwon-

do”, explica.

Por isto, insiste en que “estamos súper contentos co noso equipo, cheo de alumnos e alumnas con moito potencial, ademais de campións galegos, polo que máis ledos non podemos estar”.

OS DESEXOS DE ANINOVO. En 2025, Álex Losada seguirá promovendo o coñecemento do taekwondo en Sarria baixo a filosofía de apostar polos máis pequenos: “Quero manter e crear unha base do deporte forte, que saiban o que están facendo e por que para que aprendan o taekwondo da mellor maneira posible, mentres que eu me manteño actualizado. Pero tamén quero que, sobre todo, desfruten deste deporte. Eu non me considero un adestrador de ‘resultado’, senón de ‘proceso’, polo que me preocupa moito por que se divirtan aprendendo e que vexan a AC Taekwondo como algo máis que o lugar onde veñen dúas veces por semana; que sexa un fogar, un espazo familiar no que desfruten do que fan e que vaian vendo logo os resultados. Con esta maneira de traballar, os resultados chegan antes e teño moitas felicitacións de outros adestradores e das familias polo bo traballo feito. Isto non é casualidade; hai moita planificación e é súper importante tamén a implicación das familias, que neste caso é total e imos familias e club na mesma dirección, e iso nótase. Hai grandes deportistas e grandes persoas, polo que eu tamén me entrego para conseguir unha base forte e conseguir converter deportistas en competidores”, destaca Álex Losada.

Finalmente, outro proxecto é “volver organizar o Open do Camiño Vila de Sarria adaptándonos ao calendario da Federación Galega de Taekwondo. Queremos que sexa puntuable na Selección Galega e que saia tan ben como en 2024 grazas á colaboración das familias e do Concello”.

PINTOR

PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES

PERSIANAS

PAPEL PINTADO

TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR

CORTINAS - STORES

RIELES

ALFOMBRAS

EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,

93-95, bj - 982 533 497

SARRIA (Lugo)

Vazquez Autos

pelayo

Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126

27600 - SARRIA (Lugo)

Tel. / Fax: 982 530 707

Móvil: 669 199 533

vazquezautos@hotmail.com

“A pesar das lesións que tiven, foi unha moi boa tempada”

A deportista samanense, Elena López, proclamouse Campioa Galega de XC 2024 e competiu este ano por primeira vez en dúas probas da liga nacional

Jessica Fernández

“Foi unha tempada para aprender en todos os aspectos”, defende Elena López, Campioa Galega de XC (Cross Country) nesta tempada, na que ademais de conseguir este título, participou de dúas probas da liga nacional, a pesar de dúas grandes lesións que lle impediron correr na moto durante varios meses.

Elena, nada na parroquia de Estraxiz, en Samos, leva toda unha vida ligada ás motos, xa que tanto o seu pai como o seu tío andan tamén en moto. “Creo que como todos os que practicamos este deporte, vivímolos na casa desde que nacemos. Meu pai competiu cando era novo e era algo que vivín desde sempre”, explica a deportista, que explica que tamén fixo outros deportes, como ximnasia rítmica nun club de Sarria e fútbol en diversos equipos da provincia de Lugo. Porén, “a moto sempre estivo aí e cando as fins de semana non tiña ximnasia ou fútbol, saía co meu pai dar unha volta polos montes de Samos”. Con todo, di que “é difícil, porque non é un deporte que poidas practicar

ano 2022, empezou a competir en diversas probas de enduro arredor de Galicia. “Empecei porque a Liga de Moto organizou unha carreira en Ferreira de Pantón e díxéronme que fora probar, pero nese momento eu non tiña moto, así que fun na do meu pai. Así, acabei a carreira e saíume bastante ben, polo que me puxen a buscar patrocinadores, porque isto é moi caro, e apareceron varios, polo que acabei de correr esa tempada na Liga Galega”, relata a deportista.

A TEMPADA 2024. Con respecto a esta tempada, Elena López destaca que foi, en xeral, unha “experiencia positiva”, xa que competiu no Campionato Galego de Enduro e XC, categoría na que destacou, quedando campioa; así como tamén participou en dúas probas da liga nacional, o que foi bo para “ir collendo cada vez máis experiencia, e saír de Galicia tamén é bo porque o terreo é completamente diferente, e a experiencia serviu para saber a que distancia estamos das rivais”, comenta. Porén, tamén fala das lesións, que

Motos Saza de Toledo e tamén do Team Monforte Rally, e cos patrocinadores que tiña tiven a oportunidade de facer o Campionato Galego e o de España. Isto supoñía o cambio de moto e de cilindrada, e xusto caí da moto anterior e me lesionei. Tiven que estar moito tempo parada porque era unha lesión que non me permitía facer ningún tipo de exercicio. Cando tes unha lesión así gorda colles respecto e perdes a confianza. Despois, cando volví correr, tiven que adaptarme á nova moto e fun á primeira carreira cun día de adestramento, pero foi ben. Porén, a seguinte carreira, do campionato de España en Santiago, volví caer e estiven outros tres meses parada. Logo volví en setembro para participar no Campionato Galego e gañei, xa que se decidíu o campionato nunha carreira”.

A carreira foi de Cross Country, unha categoría de carreira diferente ao enduro porque non hai rally, é dicir, é un circuito pechado no que hai que dar voltas durante un tempo concreto, “máis estilo resistencia”, di López. “A min, a pesar de todo, gústame máis o enduro, porque ademais de ter tramos pechados como o XC, hai un tramo de rally polo monte e temos unha folla de tempos que temos que seguir para non ser penalizados. O enduro é máis completo, mentres que o XC é como unha especial dunha carreira de enduro pero durante 3 horas; e no enduro saes ao monte e non sabes o que vas atopar, no XC sabes o que vas facer porque ves a zona, no enduro só podes ver as especiais de circuito pero non sabes nada o resto e valo vendo mentres vas competindo. A verdade é que esa incerteza gústame”. Porén, séntese “ben co final de tempada, xa que serviu para aprender en todos os aspectos porque as lesións forman parte deste deporte, porque é de risco, e cada vez que nos subimos á



moto hai risco, e hai que aprender a xestionar isto, e cando pasa, saber superalo da mellora maneira”.

O APOIO NO DEPORTE. Elena López considera que “o apoio neste deporte é esencial”, xa que “é un deporte caro e ao que hai que dedicarlle tempo”. Por iso, cre que “debería ter máis apoio, aínda que pasa en outros deportes. Tírase moito polo fútbol e o baloncesto, pero o deporte das motos necesitan moito apoio, xa que é un deporte moi caro. Pouca xente pode dedicarse a isto, e é raro que haxa xente que compita que non o vivira desde pequeno na casa; pódeche gustar o fútbol e facelo porque é fácil, pero isto hai que mamalo desde pequeno. Eu creo que se podería facer máis do que se fai, aínda que a Federación Española de Motociclismo está facendo as cousas ben, xa que na parte feminina temos as inscricións gratis ao Campionato de España para motivar ás rapazas que queiran correr. Porén, subsistir é complicado. Para ser campioa tes que ter unha preparación diaria moi potente e hai que traballar á vez, porque non vives disto. No caso masculino, o campión do Mundo, cos seus patrocinios, dedícase só a competir, é como un traballo, pero elas non poden facer iso no caso de España”, sostén. No seu caso, puntualiza, “tiven sorte de correr fóra de Galicia porque era un proxecto que tiña en mente cando empecei, pero recoñezo que se chegas tes apoio, se non é difícil. No

meu caso, a miña familia apoioume sempre, se non, non podería nin correr aquí. Eu vou a todas as carreiras co meu pai, e que el veña comigo supón que alguén se quede na casa. É un esforzo de todos e é fundamental ter ese apoio porque se non, non chegas”, comenta. Ademais, a deportista compaxina a súa traxectoria no motociclismo cos estudos. “Compaxínoo ben porque eu estou estudando en Lugo e vou e veño todos os días a casa, polo que polas tardes e as fins de semana saio polos montes, pola Serra do Oribio... entón ao estar preto teño esa sorte”.

Elena fala de sorte, poñendo en valor a súa comarca, a de Sarria, onde comenta que hai “moita afección, sobre todo en Triacastela, Samos, Sarria, Paradela... e séntese ese cariño. Por parte dos concellos, apoian bastante a ruta, e o rally San Froilán é positivo, xa que son actividades que supoñen un traballo enorme e é complicado de xestionar; pero tamén xeran moito desembolso económico dos participantes”, polo que a deportista cre que, se os concellos poden, deberían facer máis actividades neste ámbito. Porén, agradece todo o esforzo de todos os axentes implicados neste deporte.

Finalmente, con respecto á tempada deste novo ano que empeza, sostén que o obxectivo primordial é “lesionarme menos” e que o resto dependerá das “oportunidades e patrocinios, pero o principal obxectivo é correr en Galicia e facer os dous campionatos de Espa-



nun sitio fixo como o fútbol, polo que tampouco se pode practicar de maneira diaria e menos se non tes carné”. Por iso, con 19 anos, no

protagonizaron esta tempada. “Foi duro porque o ano pasado, a finais do 2023, presentouse a oportunidade de formar parte do equipo

CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27800 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA

STIHL

PRESUME DE JARDÍN

COMO LA CALIDAD PRESUME DE LA BATERÍA VITAL.

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCUBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL.

HERNÁNDEZ PRIMAVERA 2024

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

As covas de Santa María de Vilavella

A parroquia de Vilavella acolle catro covas que forman parte do patrimonio inmaterial do Concello de Triacastela

O municipio de Triacastela agocha grandes tesouros patrimoniais descubertos por arqueólogos que afondaron nos espazos naturais deste Concello da Serra do Oribio. Ademais da xa sobrecoñecida Cova de Eirós, hai localizadas outras 12 covas que forman parte do patrimonio inmaterial de Triacastela.

Concretamente, hai catro covas na parroquia triacastelá de Santa María de Vilavella, que son a Cova da Graxeira, a Cova da Cabuxa, a Cova do Vaho e a Cova da Moura, todas elas cun grao de protección II.

A **Cova da Graxeira**, pola súa parte, atópase a media ladeira nun tallamar á marxe esquerda do río Teixedo, sobre un substrato calcario que é unha intrusión de calcarias nas lousas de Cándana, nunha zona

moi próxima ao núcleo de Vilar e ao leste a 50 metros á esquerda do camiño, sobre un prado. É unha cova con forma de fuso, con ampla entrada, na actualidade usada como vertedoiro. A cova ten, polo menos, unha galería practicamente vertical de gran altura de 30 metros, e non se descarta que no seu interior haxa depósitos de terra susceptibles de ser escavados. Así, aínda que non foi posible documentar ningún resto, considérase como un posible xacemento arqueolóxico cunha adscrición cronolóxica indeterminada.

Pola súa parte, a **Cova da Cabuxa**, atópase no mesmo lugar que a da Graxeira, aínda que, neste caso, atópase a 50 metros á dereita do camiño, nunha zona moi abrupta. É unha cova con pouca amplitude na entrada principal que ten unha bufarda a uns tres metros de altu-




ra, que está tapada polos veciños para impedir caídas e que os animais aniñen. A galería, á que non

se pode acceder, parece bastante ampla e susceptible de ser escavada arqueoloxicamente, debido a que é un ámbito apto para habitar. Considérase pois como un posible xacemento arqueolóxico, aínda que cunha adscrición tipolóxica indeterminada.

A seguinte é a **Cova do Vaho**, que se atopa na marxe esquerda do curso do regato de Vilavella, sobre un substrato calizo que é unha intrusión de calcarias nas lousas de Cándana. Atópase nunha zona dedicada a prados e algo máis baixa que o curso do regato. É unha das covas con menos amplitude na súa entrada; segundo as noticias recollidas, parece que unha riada hai máis ou menos 20 anos, bloqueou parte da entrada, que era moito máis ampla. A tradición oral di que contén varias galerías moi amplas onde seguramente hai depósitos de terra susceptibles de

ser escavados arqueoloxicamente, sobre todo ao ser unha cavidade moi apta para o hábitat.

Finalmente, a **Cova da Moura** localízase a media ladeira do Monte de Furco na marxe esquerda do río Teixedo, sobre un substrato calcario que é unha intrusión de calcarias nas lousas de Cándana, concretamente nunha zona de densa vexetación na parte baixa dun cristón diferenciable da contorna por ser unha zona de teixos. É unha das covas con máis amplitude na entrada e nas galerías, onde hai depósitos de terra susceptibles de ser escavados arqueoloxicamente. Sobre ela, ademais, recolléronse diversos relatos da súa ocupación na guerra civil e lendas referentes a mouros. É unha cavidade moi apta para que se poida habitas, polo que se considera como un posible xacemento arqueolóxico.



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es